




Valedor do Cidadán
Actuacións de Oficio

INDICADORES URBANOS DE CALIDADE DE VIDA (2020)

Aplicación ao municipio de Vigo e perspectiva comparada

Dirección: Luis Espada Recarey



**CONCELLO
DE VIGO**





Valedor do Cidadán
Actuacións de Oficio

INDICADORES URBANOS DE CALIDADE DE VIDA (2020)

Aplicación ao municipio de Vigo e perspectiva comparada

Dirección: Luis Espada Recarey

Dirección:

Luis Espada Recarey
Valedor do Cidadán

Coordenación xeral

Víctor Manuel Martínez Cacharrón
Enxeñeiro Industrial | Analista de datos

Deseño e paxinación

Diego Durán

Impresión

Editorial MIC

Oficina do Valedor do Cidadán

R. Policarpo Sanz, 15 4º (Casa das Artes)
36202 VIGO
Tlf: 986 430 047
Fax: 986 227 774

e-mail: valedordocidadan@vigo.org

Índice

| | |
|---|-----------|
| INTRODUCCIÓN | 9 |
| SISTEMA DE INDICADORES DE SUSTENTABILIDADE MUNICIPAL URBAN AUDIT | 11 |
| 1. Definición | 11 |
| 2. Obxectivo | 11 |
| 3. Orixe e consolidación | 11 |
| 4. Indicadores Urbanos | 12 |
| INDICADORES URBANOS | 13 |
| 1. Alcance | 13 |
| 2. Ámbito xeográfico | 14 |
| 2.1 Nivel supramunicipal: as Áreas Urbanas Funcionais | 14 |
| 2.2 Nivel submunicipal | 15 |
| 3. Municipios con máis de 20000 habitantes | 15 |
| 4. Ámbitos temporal e temático | 15 |
| 5. Sistema de Indicadores Urbanos URBAN AUDIT | 16 |
| 5.1 Demografía | 16 |
| 5.2 Aspectos Sociais | 17 |
| 5.3 Aspectos Económicos | 17 |
| 5.4 Formación e Educación | 19 |
| 5.5 Superficie e uso do solo | 19 |
| 5.6 Viaxes e Transporte | 19 |
| 5.7 Turismo | 19 |
| PARTE I: ÁMBITO MUNICIPAL DE VIGO | 21 |
| 1. Indicadores Urbanos 2020 | 21 |
| 1.1 Resultados globais | 21 |
| 1.1.1 Demografía | 21 |
| 1.1.2 Aspectos sociais | 21 |
| 1.1.3 Aspectos económicos | 22 |
| 1.1.4 Superficie e uso do solo | 22 |
| 1.1.5 Formación e educación | 22 |
| 1.1.6 Viaxes e transporte | 23 |
| 1.1.7 Turismo | 23 |
| 1.2 Resultados por xénero | 23 |
| 2. Evolución temporal dos Indicadores Urbanos | 24 |
| 2.1 Resultados globais | 24 |
| 2.1.1 Demografía | 24 |
| 2.1.2 Aspectos sociais | 25 |
| 2.1.3 Aspectos económicos | 25 |
| 2.1.4 Superficie e uso do solo | 25 |
| 2.1.5 Formación e educación | 26 |
| 2.1.6 Viaxes e transporte | 26 |
| 2.1.7 Turismo | 26 |
| 2.2 Resultados por xénero | 26 |
| 2.3 Análise da evolución dos Indicadores Urbanos municipais de Vigo | 27 |
| 2.3.1 Resultados globais | 27 |
| 2.3.1.1 Aspectos demográficos | 27 |
| 2.3.1.2 Aspectos sociais | 28 |
| 2.3.1.3 Aspectos económicos | 28 |
| 2.3.1.4 Formación e educación | 29 |

| | |
|---|-----------|
| 2.3.1.5 Turismo | 29 |
| 2.3.2 Resultados por xénero | 29 |
| PARTE II: ÁMBITO SUPRAMUNICIPAL DE VIGO | 31 |
| 1. Organización supramunicipal de Vigo | 31 |
| 1.1 Área Metropolitana de Vigo | 31 |
| 1.2 Área Urbana Vigo-Pontevedra | 33 |
| 1.3 Comarca de Vigo | 35 |
| 1.4 Área Urbana Funcional de Vigo | 36 |
| 2. Indicadores Urbanos supramunicipais de Vigo | 39 |
| 2.1 Resultados globais | 39 |
| 2.1.1 Demografía | 39 |
| 2.1.2 Aspectos sociais | 40 |
| 2.1.3 Aspectos económicos | 40 |
| 2.1.4 Superficie | 40 |
| 2.1.5 Formación e educación | 40 |
| 2.1.6 Viaxes e transporte | 40 |
| 2.2 Evolución temporal | 41 |
| 2.2.1 Demografía | 41 |
| 2.2.2 Aspectos sociais | 41 |
| 2.2.3 Aspectos económicos | 42 |
| 2.2.4 Superficie e uso do solo | 42 |
| 2.2.5 Formación e educación | 42 |
| 2.2.6 Viaxes e transporte | 43 |
| 2.3 Análise da evolución temporal dos Indicadores Urbanos supramunicipais de Vigo | 43 |
| 2.3.1 Demografía | 43 |
| 2.3.2 Aspectos sociais | 44 |
| 2.3.3 Aspectos económicos | 44 |
| 2.3.4 Formación e educación | 45 |
| 2.4 Comparativa entre os Indicadores Urbanos supramunicipais e municipais de Vigo | 45 |
| 2.4.1 Indicadores Urbanos sobre demografía | 45 |
| 2.4.2 Indicadores Urbanos sobre aspectos sociais | 46 |
| 2.4.3 Indicadores Urbanos sobre aspectos económicos | 46 |
| 2.4.4 Indicadores Urbanos de superficie | 47 |
| 2.4.5 Indicadores Urbanos sobre formación e educación | 47 |
| 2.4.6 Indicadores Urbanos sobre viaxes e transporte | 47 |
| PARTE III: ÁMBITO SUBMUNICIPAL DE VIGO | 49 |
| 1. Organización submunicipal de Vigo | 49 |
| 1.1 Divisións administrativas | 49 |
| 1.1.1 Parroquial civil | 49 |
| 1.1.2 Parroquial eclesiástico | 52 |
| 1.2 Poboación das parroquias civís do concello de Vigo | 52 |
| 1.2.1 Núcleos con poboación superior a 500 habitantes | 61 |
| 1.2.2 Evolución da poboación das divisións administrativas | 62 |
| 1.2.3 PAU de Navia | 64 |
| 1.3 Evolución do territorio municipal de Vigo | 65 |
| 1.4 A organización administrativa do concello de Vigo | 67 |
| 1.4.1 Distritos Censuais/Estatísticos | 69 |
| 1.4.2 Áreas submunicipais Urban Audit | 71 |
| 2. Indicadores Urbanos submunicipais de Vigo | 72 |
| 2.1 Resultados globais | 72 |
| 2.1.1 Demografía | 72 |
| 2.1.2 Aspectos económicos | 73 |
| 2.1.3 Superficie e uso do solo | 73 |

| | |
|---|-----------|
| 2.1.4 Comparativa entre os Indicadores Urbanos submunicipais e municipais de Vigo | 74 |
| 2.1.4.1 Demografía | 74 |
| 2.1.4.2 Aspectos económicos | 74 |
| 2.1.4.3 Superficie e uso do solo | 75 |
| 2.2 Evolución temporal | 76 |
| 2.2.1 Indicadores Urbanos submunicipais de Vigo | 76 |
| 2.2.2 Análise da evolución temporal dos Indicadores Urbanos submunicipais de Vigo | 81 |
| 2.2.2.1 Demografía | 81 |
| 2.2.2.2 Aspectos económicos | 82 |
| PARTE IV: INDICADORES URBANOS MUNICIPAIS DE VIGO E OS GRANDES CONCELLOS DE GALICIA | 83 |
| 1. Indicadores Urbanos 2020 | 83 |
| 1.1 Demografía | 83 |
| 1.2 Aspectos sociais | 84 |
| 1.3 Aspectos económicos | 84 |
| 1.4 Superficie e uso do solo | 85 |
| 1.5 Formación e educación | 85 |
| 1.6 Viaxes e transporte | 86 |
| 1.7 Turismo | 86 |
| 2. Análise comparativa entre os resultados dos Indicadores Urbanos municipais de Vigo os grandes concellos de Galicia | 86 |
| 2.1 Poboación | 86 |
| 2.2 Faixas de idade | 87 |
| 2.3 Poboación estranxeira e de nados no estranxeiro | 87 |
| 2.4 Tamaño dos fogares | 87 |
| 2.5 Proporción de vivendas vacías | 87 |
| 2.6 Natalidade | 87 |
| 2.7 Mortalidade | 87 |
| 2.8 Esperanza de vida | 87 |
| 2.9 Indicadores municipais de desemprego e actividade | 88 |
| 2.10 Proporción de emprego na industria e os servizos | 88 |
| 2.11 Renda neta media anual por habitante | 88 |
| 2.12 Indicadores de superficie e uso do solo | 88 |
| 2.13 Indicadores de formación e educación | 89 |
| 2.14 Indicadores de viaxes e transporte | 89 |
| 2.15 Indicadores turísticos | 90 |
| PARTE V: INDICADORES URBANOS SUPRAMUNICIPAIS DE VIGO E DAS ÁREAS URBANAS GALEGAS | 91 |
| 1. Indicadores Urbanos 2020 | 91 |
| 1.1 Demografía | 91 |
| 1.2 Aspectos sociais | 92 |
| 1.3 Aspectos económicos | 92 |
| 1.4 Superficie | 92 |
| 1.5 Formación e educación | 93 |
| 1.6 Viaxes e transporte | 93 |
| 2. Análise comparativa entre os resultados dos Indicadores Urbanos supramunicipais de Vigo e as áreas urbanas galegas | 93 |
| 2.1 Poboación | 93 |
| 2.2 Renda neta media anual dos fogares | 94 |
| 2.3 Renda neta media anual por habitante | 94 |
| 2.4 Indicadores supramunicipais de desemprego e actividade | 95 |
| 2.5 Proporción de emprego na industria e os servizos | 95 |
| 2.6 Tamaño do fogar | 96 |
| 2.7 Viaxes e transporte | 96 |

| | |
|---|------------|
| PARTE VI: INDICADORES URBANOS MUNICIPAIS DAS CIDADES DA REGIÃO DO NORTE DE PORTUGAL | 97 |
| 1. Indicadores Urbanos 2020 | 97 |
| 2. Análise comparativa dos resultados dos Indicadores Urbanos municipais de Vigo coas cidades da Região do Norte de Portugal | 98 |
| 2.1 Poboación | 98 |
| 2.2 Indicadores municipais de desemprego e actividade | 99 |
| 2.3 Proporción de emprego na industria e os servizos | 99 |
| 2.4 Tamaño do fogar | 100 |
| 2.5 Turismo | 100 |
| PARTE VII: INDICADORES URBANOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS ESPAÑÓIS CON POBOACIÓN IGUAL OU SUPERIOR A 200.000 HABITANTES | 101 |
| 1. Indicadores Urbanos 2020 | 101 |
| 2. Análise comparativa entre os resultados dos Indicadores Urbanos municipais de Vigo os concellos españois con poboación igual ou superior a 200.000 habitantes | 107 |
| 2.1 Poboación | 107 |
| 2.2 Renda neta media anual dos fogares | 108 |
| 2.3 Renda neta media anual por habitante | 108 |
| 2.4 Indicadores municipais de desemprego e actividade | 109 |
| 2.5 Esperanza de vida ao nacemento | 110 |
| 2.6 Número medio de fillos por muller | 110 |
| 2.7 Proporción de emprego na industria e os servizos | 111 |
| 2.8 Tamaño do fogar | 112 |
| 2.9 Usos do solo | 112 |
| 2.10 Turismo | 114 |
| BIBLIOGRAFIA DE REFERENCIA | 115 |
| ANEXOS | 117 |
| Anexo 1: Poboación das cidades de España con máis de 50000 habitantes | 117 |
| Anexo 2: Poboación das Áreas Urbanas Funcionais de España dos Indicadores Urbanos 2020 | 119 |

INTRODUCCIÓN

Nun proceso, acelerado a partir da década de 1990, de aumento do grao de urbanización que se ven producindo na Europa durante as últimas décadas surxiron diferentes metodoloxías para coñecer e medir a calidade de vida nun determinado número de áreas territoriais ligadas ao ámbito urbano. A utilidade de ditos procedementos de recompilación, estimación e publicación de datos estatísticos de contido socio-económico dependerá da súa calidade e intercomparabilidade.

En decembro de 2019 foron detectados na cidade de Wuhan (China) os primeiros doentes dunha enfermidade até entón descoñecida, a Covid-19. O virus SARS-CoV-2 que está a causar a doenza desde principios de xaneiro de 2020 experimentou un gromo xeneralizado que, da China, espallouse rapidamente por todo o planeta, mudando as formas de convivencia establecidas até o momento para evitar o contaxio.

Nese contexto, este Informe aborda o posicionamento do concello de Vigo nos parámetros comunmente aceptados no ámbito da Unión Europea en materia de calidade de vida e que permita comparala coas principais cidades do noso entorno. Nese sentido, o sistema de indicadores de calidade de vida elaborados pola Urban Audit, Proxecto da UE, é a referencia adoptada, nomeadamente os últimos datos publicados de **Indicadores Urbanos**¹, realizada polo INE², consistente nunha selección e adaptación do contido do referido Proxecto Europeo *Urban Audit*.

O contexto temporal para a realización deste informe sitúase na avaliación da información estatística existente sobre a calidade de vida no concello de Vigo no momento previo á situación de emerxencia da actual crise por Covid-19. Na súa edición de 2020, a publicación Indicadores Urbanos, da lista de indicadores recompilados para o proxecto europeo, escolleu un conxunto limitado de 47 indicadores que abarcan distintos dominios, con información desde 2010.

Ofrécense datos para as cidades (concellos) seleccionadas no proxecto europeo, as zonas supramunicipais definidas pola súa influencia laboral (Áreas Urbanas Funcionais) e para zonas submunicipais, equivalentes á partición administrativa en distritos³.

Luis Espada Recarey
Valedor do Cidadán

¹ O proxecto foi ditaminada favorablemente polo Consello Superior de Estatística a 18/7/2007. O alargamento de indicadores foi submetido a ditame na Comisión Permanente a 22/3/2018.

² https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INEPublicacion_C&cid=1259944561392&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout¶m1=PYSDetalleGratis¶m2=1254736268681¶m4=Mostrar [Consult. 27-11-2020]

³ Neste Informe da Oficina do Valedor do Cidadán son excluídas as conurbacións ou áreas onde o entorno urbano da cidade se agranda alén dos seus límites administrativos, ao tratarse dunha categoría que non afecta o municipio de Vigo.

SISTEMA DE INDICADORES DE SUSTENTABILIDADE MUNICIPAL URBAN AUDIT

1. Definición

O proxecto europeo "Urban Audit" recolle información sobre as condicións de vida nas cidades da Unión Europea e os países candidatos. Trátase dun proxecto posto en marcha pola Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana (DG REGIO), coordinado por Eurostat e desenvolvido polos Escritorios de Estatística dos Estados participantes.

2. Obxectivo

O seu obxectivo é a recompilación, estimación e publicación de datos estatísticos comparábeis de contido socio-económico para coñecer e medir a calidade de vida nun determinado número de áreas territoriais relacionadas co ámbito urbano.

3. Orixe e consolidación

O proxecto Urban Audit surxe a finais da década de 1990 e responde á necesidade de abordar o fenómeno urbano en consecuencia do alto grao de urbanización producido na Europa durante as últimas décadas. As cidades desempeñan un papel cada vez máis importante como motores do crecemento, facendo con que a política rexional europea teña tomado consciencia desta realidade e, por iso, incluíu a dimensión urbana en numerosos programas e proxectos financiados con fondos estruturais.

Nese contexto nace o proxecto coñecido como Urban Audit, cunha fase piloto de carácter experimental lanzada en 1998 cuxo suceso permitiu a súa continuidade no tempo baseado en ciclos ou fases de recolla de información de aproximadamente tres anos cada un.

Actualmente o Proxecto Europeo Urban Audit está no seu décimo primeiro ciclo de recolla de datos e ao longo dos seus máis de vinte anos de vida, apesar das innúmeras mudanzas de tipo metodolóxico e territorial, gañou madurez e soubo consolidarse como un dos repertorios máis importantes de información urbana na Unión Europea.

Urban Audit iniciou obtendo máis de 300 variábeis que abarcaban nove dominios ou compoñentes do nivel de vida: demografía, aspectos sociais, aspectos económicos, participación social, educación e formación, ambiente, comunicación e transporte, sociedade da información e cultura e lecer. Ao longo do tempo o número de variábeis foi diminuindo paulatinamente: o proxecto foi concretando mellor os seus obxectivos adaptándoos mellor á realidade da información dispoñible e dando máis peso á información procedente de fontes oficiais face á procedente doutras fontes menos comparábeis.

A recompilación da información corresponde fundamentalmente aos institutos nacionais de estatística dos estados membros que se participan no proxecto. Na actualidade recolle información sobre máis de 900 cidades da UE para as cales contén 171 variábeis e 62 indicadores⁴⁾. Para os ámbitos supramunicipal ou submunicipal recolle só unha parte deses indicadores.

Nas últimas ondas de recolla de información, por un lado, foise reducindo significativamente o número de variábeis non recollidas directamente por estatísticas oficiais; de resto, a metodoloxía e a información de base para

⁴⁾ Actualmente denominado "data collection for subnational statistics (mainly cities)".

⁵⁾ En 2015 contiña 187 variábeis e 63 indicadores recollidos para os anos 2013 e 2014.

a delimitación das áreas urbanas mellorou substancialmente cos censos de 2011 e a xeorreferenciación da poboación.

4. Indicadores Urbanos

A nivel español, o Instituto Nacional de Estatística (INE) introduciu a operación "Indicadores Urbanos (Urban Audit)" no Plano Estatístico Nacional 2009-2012, aprobado polo Real Decreto 1663/2008, no Plano Estatístico Nacional 2013-2016, aprobado polo Real Decreto 1658/2012, e actualmente, coa denominación "Indicadores Urbanos" incluída no Plano Estatístico Nacional 2017- 2020, aprobado por Real Decreto 410/2016.

INDICADORES URBANOS

A publicación Indicadores Urbanos deriva do Proxecto Europeo Urban Audit, que recolle información sobre as condicións de vida nas cidades da Unión Europea e os países candidatos. Trátase dun proxecto posto en marcha a finais dos anos 90 pola Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana (DG REGIO), coordinado por Eurostat e desenvolvido polos Escritorios de Estatística dos Estados participantes.

O seu obxectivo é a recompilación, estimación e publicación de datos estatísticos comparábeis de contido socio-económico para coñecer e medir a calidade de vida nun determinado número de áreas territoriais ligadas ao ámbito urbano.

Indicadores Urbanos é unha selección e adaptación do contido do Proxecto Europeo Urban Audit. Da lista de indicadores recompilados foron escollidos 47 de distintos dominios.

1. Alcance

A cidade é a base do proxecto Indicadores Urbanos (Urban Audit). A súa definición alicérase na presenza dun centro urbano. Este último é identificado a partir dun *grid* de poboación.

Esta metodoloxía sobre “grao de urbanización” ten a súa orixe nos anos 90 co obxectivo de clasificar a área onde residía a poboación. Diferenciábanse tres tipos de áreas: moi densamente habitadas, intermedias e escasamente poboadas. A definición baseábase na poboación, na densidade e contigüidade das LAU⁶ nivel 2 (municipios, no caso español).

Este método, porén, distorcía os resultados polas grandes diferenzas de tamaño entre as LAU, reducindo a comparabilidade entre países e mesmo dentro dos mesmos.

A partir de 2010 a Comisión Europea introduce unha nova tipoloxía rexional urbana-rural que deriva do método da OCDE, baseada nunha grade (*grid*) de celas de 1 km². Como estas celas son de idéntico tamaño, elimínase a distorsión de considerar os termos municipais ou as divisións administrativas. Trátase, en definitiva, dun método comunmente aceptado que parte dunha malla xeográfica regular de celas de 1 km² de superficie permitindo abstraerse dos límites administrativos.

Sobre esa rede de celas son incorporados os datos de poboación e agrupadas todas aquelas cunha densidade superior a 1500 habitantes por km² formando un clúster, que, aliás, debe manter unha forma continua desde que aplicados determinados criterios de coherencia espacial.

Se a suma de poboación desas celas contiguas superar os 50.000 habitantes considérase que esa poboación constitúe un “centro urbano”.

Os municipios que engloban eses centros urbanos constitúen a lista de cidades, que actualmente suman 132. En consecuencia, unha cidade é un LAU-2 (municipio, no caso español) ou agrupación de LAU-2, onde máis de 50% da súa poboación se localiza nun clúster urbano de alta densidade, definido a partir dunha grade de poboación, segundo a metodoloxía sobre “grao de urbanización”. Actualmente, no caso español, a lista para esta publicación

⁶ LAU é o acrónimo de Local Administrative Unit usado no ámbito da UE para designar unha subdivisión administrativa que no caso español corresponde ao municipio.

está composta por 126 cidades (Ver Anexo 1), por ter introducido a condición de apenas contemplar cidades cunha poboación superior a 50.000 habitantes.

Alén das cidades, para os fins deste proxecto, é creada unha unidade estatística chamada en inglés "Greater City", que foi traducida como "conurbación", necesaria para resolver a situación dalgunhas cidades nas cales ese centro urbano calculado sen levar en conta os límites administrativos se expande claramente alén dos límites dunha cidade. No caso de España foron confeccionadas once, aínda que na publicación de Indicadores Urbanos só se presentan nove⁷ en consecuencia do referido.

2. Ámbito xeográfico

A unidade xeográfica básica para a recolla de datos dos Indicadores Urbanos é a cidade (municipio), aínda que foron definidos outros niveis territoriais de ámbito supramunicipal e submunicipal. A seguir descríbese a metodoloxía seguida en cada un deles.

2.1 Nivel supramunicipal: as Áreas Urbanas Funcionais

Para as principais cidades europeas o Urban Audit establece as súas áreas metropolitanas de influencia, coñecidas como Áreas Urbanas Funcionais⁸ (AUF). Un AUF é unha agrupación de concellos por volta da cidade, ligados a ela por razóns laborais⁹.

Inicialmente nos Indicadores Urbanos confeccionáranse 45 áreas en España, de modo a que estivesen incluídas todas as cidades de Urban Audit que sobrepasaban os 100.000 habitantes en 2011. Como resultado da ampliación da mostra de cidades, citado con anterioridade, foi flexibilizado o criterio a fin de crear unha AUF a todas e cada unha das cidades da mostra sexa cal for a súa poboación, sempre e cando cumpriren as condicións para poder crearse, segundo a seguir se explica.

Cada AUF consiste nunha cidade e os concellos que forman o seu entorno funcional, concretamente de influencia laboral. É, portanto, unha agregación de unidades territoriais LAU nivel 2 (municipios no caso español). O obxectivo é dispor dun área cunha parte significativa de poboación ocupada residente que se despraza a traballar á cidade obxecto de estudo.

Un concello pertence á AUF dunha cidade se o 15% ou máis da súa poboación ocupada se despraza á cidade por motivos de traballo. Ese é o criterio principal, mais hai outros como a contigüidade. Para concellos moi pequenos hai excepcións á regra xeral.

En España, o limiar de 15% é aplicado para todos os municipios de máis de 2.000 habitantes¹⁰. Abaixo dese tamaño de poboación, é utilizada a seguinte escala:

- De 1000 a 2000, se 25% dos ocupados se desprazan á cidade.
- De 500 a 1000, o limiar é de 35%.
- De 100 a 500, limiar de 45%
- De 0 a 100, limiar de 50%

⁷ Barcelona, Bilbao, Elda, Granada, Madrid, Pamplona/Iruña, Santa Cruz de Tenerife, Sevilla e Valencia.

⁸ Denominada en inglés Funcional Urban Area (FUA).

⁹ En edicións anteriores a 2017 do proxecto Urban Audit coñeciase como Large Urban Zone (LUZ).

¹⁰ A fonte de información sobre lugar de residencia e lugar de traballo é o Censo de Poboación e Vivendas.

Aplicando os criterios expostos, a lista final de AUFs pasa de 45 para 73, aínda que pola mesma condición xa referida para o mínimo poboacional, o número de AUFs na publicación de 2020 é de 70 (Ver Anexo 2); entre as cales, a área metropolitana de influencia de Vigo.

2.2 Nivel submunicipal

A información a nivel submunicipal¹¹ é unha parte esencial do proxecto Urban Audit. É denominado SCD (Sub-City Districts) e consiste nunha subdivisión da cidade coa restrición de que cada SCD teña entre 5000 e 40000 habitantes.

En España foron definidos estes niveis para todas as cidades de máis de 250000 habitantes. Co obxectivo de que estas unidades SCD teñan un tamaño comparábel e unha homoxeneidade interna, deben ter unha poboación entre 5000 e 40000 habitantes. Outro principio que deben cumprir é o de coherencia espacial, isto é, as delimitacións teñen que ser exhaustivas (definindo todo o territorio do municipio) e continuas.

O concello de Vigo forma parte da lista actual de “barrios SCD” integrada polos 16 concellos¹² con poboación superior a 25000 habitantes. En total son contemplados 509 “barrios SCD”. As divisións foron realizadas a proposta dos Concellos en colaboración co INE.

Aínda que este nivel xeográfico é o máis limitado pola escasa disponibilidad de datos socio-económicos, desde la edición de 2017 xa se presenta información sobre renda nas zonas ou barrios de cada unha das 16 cidades obxecto de estudo.

3. Municipios con máis de 20000 habitantes

Desde 2018 foron incorporados ao proxecto de Indicadores Urbanos algúns ítems para os municipios con máis de 20000 habitantes (413 a 1 de xaneiro de 2019). Estes indicadores son aqueles que, por proceder fundamentalmente de fontes administrativas, pódense obter para todos eles. Entre estes indicadores figura a renda media anual.

4. Ámbitos temporal e temático

No tocante ao ámbito temporal, estase a recabar información anual desde o ano 2001. Nos distintos ciclos de recolla foise combinando, segundo a variábel, a recolla anual de datos coa recolla só para certos anos concretos.

A publicación Indicadores Urbanos ofrece só unha parte deses indicadores que se consideran máis úteis ou representativos. O número de indicadores recollido figura neste Informe.

Ofrécense datos anuais coa idea de construír unha serie temporal que teña o seu inicio en 2010. Non todos os indicadores ofrecen información para todos os anos. Iso depende dos requirimentos de Eurostat segundo o ciclo de recolla, pois, como referido, la publicación pretende ser un subconxunto de información do proxecto. O obxectivo es conseguir a información máis actualizada.

Aínda que a novidade máis importante na edición de 2017 foi a introdución de novas unidades territoriais e a actualización dalgunhas xa existentes. Na publicación de 2018 o máis destacábel foi a incorporación de catro

¹¹ División do municipio en distritos, barrios ou similares.

¹² Alacante/Alacant, Barcelona, Bilbao, Córdoba, Xixón, L'Hospitalet de Llobregat, Madrid, Málaga, Murcia, Palma de Maiorca, Palmas de Gran Canaria (As), Sevilla, Valencia, Valladolid e Zaragoza.

novos indicadores (esperanza de vida ao nacemento, información de renda municipal¹³ e os usos do solo, subdivididos en oito categorías) e a creación dun grupo ou nivel espacial formado por todos os municipios de máis de 20000 habitantes, con referencia a 1 de xaneiro de 2016. O nivel submunicipal mantense para as 16 cidades con máis de 250.000 habitantes das edicións anteriores, mais introducindo para cada unha a modificación na súa composición en consecuencia da actualización realizada a partir dos seccionados a 1 de xaneiro de 2016 e a 1 de xaneiro de 2017. A edición de 2020 do punto de vista territorial mantén as unidades espaciais da última edición e unicamente se actualiza a composición do nivel submunicipal consoante o seccionado a 1 de xaneiro de 2019 e a lista de municipios con máis de 20000 habitantes con referencia a 1 de xaneiro de 2019.

5. Sistema de Indicadores Urbanos URBAN AUDIT

A información recollida nos Indicadores Urbanos comunmente aceptados no ámbito da UE en materia de calidade de vida desenvólvense en sete dominios:

5.1 Demografía

- Poboación residente
- Proporción de poboación de 0-14 anos (%)
- Proporción de poboación de 15-64 anos (%)
- Proporción de poboación ≥65 anos (%)
- Idade mediana da poboación: Cálculase coa poboación de Padrón a 1 de xaneiro para os niveis cidade e áreas supramunicipais¹⁴.
- Proporción de nacionais sobre a poboación total (%)
- Proporción de nativos nacionais sobre a poboación total (%)
- Proporción de nados no estranxeiro sobre a poboación total (%)
- Proporción de estranxeiros sobre a poboación total (%)
- Taxa bruta de natalidade (tantos por mil persoas)
- Taxa bruta de mortalidade (tantos por mil persoas)
- Esperanza de vida ao nacemento¹⁵ (anos): Número medio de anos que se espera que unha persoa viva desde o momento do seu nacemento. É calculado como media de tres anos, sendo 2017 o ano central de referencia. Os datos proveñen da Estatística de Defuncións do INE.
- Número medio de fillos por muller¹⁶ (número): Número medio de fillos que tería ao longo da súa vida fértil unha muller residente nun concello en caso de manter a mesma intensidade fecunda por idade que a observada nun ano concreto nese concello.
- Número total de fogares
- Tamaño medio dos fogares
- Proporción de fogares dunha persoa sobre o total de fogares (%)

Para os catro indicadores relativos á poboación total e por grupos de idade, os datos foron obtidos do Padrón a 1 de xaneiro de 2019, para todos os niveis territoriais¹⁷.

¹³) Proporcionando a renda neta media anual por habitante e a renda neta media anual por unidade de consumo.

¹⁴) A nivel estatal tómase o valor publicado nos Indicadores Demográficos Básicos del INE.

¹⁵) Indicador introducido na publicación de 2018.

¹⁶) Indicador introducido pola primeira vez na edición de 2019 de Indicadores Urbanos.

¹⁷) Os datos a nivel estatal proceden de "Cifras de Poboación".

Os catro indicadores referentes á nacionalidade obtéñense coa poboación do Padrón a 1 de xaneiro de 2019, datos obtidos da “Estatística do Padrón Continuo”, para todos os niveis territoriais¹⁸.

Os tres indicadores relativos a fogares obtéñense directamente do Padrón Continuo de 2019.

As taxas brutas de natalidade e mortalidade proceden das estatísticas do Movemento Natural da Poboación, considerando no denominador a poboación media¹⁹. A nivel estatal, os valores proceden dos “Indicadores Demográficos Básicos” elaborados polo INE en 2017.

5.2 Aspectos Sociais

- Número de vivendas convencionais segundo o Cadastro
- Número de vivendas convencionais segundo o Censo
- Proporción de vivendas vacías (%)

O número de vivendas segundo o Censo, procede da propia fonte indicada en 2011, ben como la proporción de vivendas vacías.

5.3 Aspectos Económicos

- Taxa de desemprego (%): Cociente entre o número medio estimado de persoas desempregadas e a poboación activa estimada na metade de ano. Para o seu cálculo son utilizados valores medios do ano, a partir dun modelo que combina os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) e do desemprego rexistrado.
- Proporción de ocupados entre 20-64 anos sobre a poboación activa.
- Taxa de actividade (%): Cociente entre a poboación activa (suma de ocupados e desempregados) estimada na metade de ano e a poboación de 16 e máis anos nese momento.
- Proporción de emprego en servizos²⁰ segundo a lista NACE Rev.2, G-U.
- Proporción de emprego en industria^{21,22}, segundo a lista NACE Rev.2, B-E.
- Renda neta media anual dos fogares: Este indicador esta constituído polo conxunto dos ingresos percibidos por eles despois de descontados os impostos e as cotizacións a seguranza social satisfeitas.
- Renda neta media anual por habitante²³.
- Renda neta media anual por unidade de consumo²⁴.

A taxa de desemprego, a proporción de ocupados de 20-64 anos sobre a poboación activa e a taxa de actividade constrúense como valores medios do ano mediante técnicas de estimación de áreas pequenas. Trátase de estimacións a partir dos datos do Censo 2019, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) e os datos de desemprego rexistrado no Servizo de Emprego Público Estatal (SEPE). Tanto no numerador como no denominador tense en conta a poboación de 16 anos ou máis.

¹⁸ Os datos a nivel estatal proceden de “Cifras de Poboación”.

¹⁹ Poboación a 1 de xullo do ano correspondente.

²⁰ NACE Rev.2 G-U

²¹ NACE Rev.2 B-E

²² Os indicadores de proporción de emprego na industria e os servizos (calculados para 2018) permiten distinguir entre áreas urbanas caracterizadas por unha forte implantación do tecido industrial contra outros sectores como o de servizos. Indicador elaborado a partir dos datos rexistrados de unidades locais no Directorio Central de Empresas (DIRCE) para cada municipio.

²³ Indicador introducido na publicación de 2018.

²⁴ Indicador introducido na publicación de 2018.

A proporción de emprego en servizos e industria é expresada consoante o Nomenclátor Estatístico de Actividades Económicas da Comunidade Europea (NACE), un sistema de clasificación das actividades económicas usado na UE para a organización e rexistro de datos polo Eurostat, ben como para as estatísticas oficiais de cada Estado membro.

A lista NACE Rev.2 está estruturada en 21 seccións que, pola súa vez está segmentada en divisións, estas en grupos e estes en clases que representan todas e cada unha das actividades económicas actuais.

A seguir móstranse as seccións adoptadas polos Indicadores Urbanos para o emprego en servizos e industria.

Cadro nº1: Actividades de servizos da lista NACE Rev.2

| Sección | Actividade(s) |
|---------|--|
| G | Comercio maiorista e retalista, reparación de vehículos de motor e motocicletas |
| H | Transporte e almacenamento |
| I | Hostalaría |
| J | Información e comunicación |
| K | Actividades financeiras e de seguros |
| L | Actividades inmobiliarias |
| M | Actividades profesionais, científicas e técnicas |
| N | Actividades administrativas e servizos auxiliares |
| O | Administración pública e defensa; Seguraza Social obrigatoria |
| P | Ensino |
| Q | Actividades sanitarias e de servizos sociais |
| R | Actividades artísticas, recreativas e de entretemento |
| S | Outros servizos |
| T | Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio |
| U | Organismos extraterritoriais |

Cadro nº2: Actividades industriais da lista NACE Rev.2

| Sección | Actividades |
|---------|--|
| B | Industrias extractivas |
| C | Industria de transformación |
| D | Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e ar condicionado |
| E | Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación |

No caso español a proporción de emprego en servizos e industria ten como fonte o Directorio Central de Empresas (DIRCE) do INE correspondente a 2018.

A renda bruta media dispoñible anual dos fogares ten como fonte a información fornecida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) para os territorios non forais e, desde a publicación de 2017, a información fornecida polas Deputacións Forais de Biscaia y Guipúscoa para as cidades da mostra no País Basco, salvo para a información de Alaba cuxa fonte é o Instituto Basco de Estatística (Eustat). Para os municipios de Navarra, a fonte é o Instituto de Estatística de Navarra con datos da Facenda Tributaria desa Comunidade Foral.

5.4 Formación e Educación

- Proporción de nenos de 0-4 anos en garderías sobre a poboación de 0-4 anos (%).
- Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel educación ISCED 0, 1 ou 2 (%).
- Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 3 ou 4 (%).
- Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 5 ou 6 (%).

A proporción de nenos de 0-4 anos en garderías sobre a poboación de 0-4 anos calcúlase con datos do Padrón e o Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Os niveis de educación para cada grupo de poboación son obtidos do Censo 2018.

5.5 Superficie e uso do solo²⁵

- Superficie total.
- Uso do solo (%): Tecido urbano residencial continuo.
- Uso do solo (%): Tecido urbano residencial descontinuo.
- Uso do solo (%): Unidades industriais, comerciais, públicas, militares e privadas.
- Uso do solo (%): Infraestruturas de transporte.
- Uso do solo (%): Outras zonas artificiais.
- Uso do solo (%): Zonas verdes urbanas, instalacións deportivas e de lecer.
- Uso do solo (%): Zonas agrícolas.
- Uso do solo (%): Zonas naturais.
- Relación de zonas verdes, deportivas e de lecer sobre zonas urbanas residenciais continuas e descontinuas.

A superficie das distintas unidades territoriais é fornecida polas medicións realizadas con ArcGis, porque a agregación que se realiza a partir das unidades inferiores exige manter unha razoábel coherencia espacial²⁶. Os últimos resultados dispoñíbeis corresponden a 2014.

5.6 Viaxes e Transporte

- Porcentaxe de viaxes ao traballo en coche.
- Porcentaxe de viaxes ao traballo a pé.
- Porcentaxe de viaxes ao traballo en transporte público.
- Duración media da viaxe ao traballo.

As catro variábeis do dominio "Viaxes e transporte" teñen como fonte o Censo 2011.

5.7 Turismo

- Pernoitacións turísticas anuais (número).
- Prazas dispoñíbeis en establecementos turísticos (número).

²⁵⁾ As variábeis sobre o uso do solo, introducidas pola primeira vez na edición de 2018, elabóranse para o proxecto Indicadores Urbanos en colaboración co Servizo de Ocupación do Solo (SIOSE) do Instituto Xeográfico Nacional.

²⁶⁾ A nivel estatal tomouse como referencia a publicación "España en Cifras" con fonte Eurostat.

As dúas variábeis de turismo, pernoitacións e número de prazas, teñen como fonte as enquisas de turismo do INE de 2018, aínda que por razóns de confidencialidade non se presentan datos para todas as cidades.

PARTE I

ÁMBITO MUNICIPAL DE VIGO

1. Indicadores Urbanos 2020

A seguir móstranse os resultados do sistema de indicadores Urban Audit aplicados ao ámbito municipal de Vigo. Os datos foron recollidos na última edición de Indicadores Urbanos do INE, publicada en 2020, os últimos referenciados antes da emerxencia da actual crise por Covid-19.

1.1 Resultados globais

1.1.1 Demografía

| Indicador | Valor |
|--|--------|
| Poboación residente (Persoas) | 295364 |
| Proporción de poboación de 0-14 anos (Porcentaxe) | 12,8 |
| Proporción de poboación de 15-64 anos (Porcentaxe) | 64,8 |
| Proporción de poboación ≥ 65 anos (Porcentaxe) | 22,4 |
| Idade mediana da poboación (anos) | 46,1 |
| Proporción de nacionais sobre a poboación total (Porcentaxe) | 95,1 |
| Proporción de nativos nacionais sobre a poboación total (Porcentaxe) | 88,9 |
| Proporción de nados no estranxeiro sobre a poboación total (Porcentaxe) | 11,1 |
| Proporción de estranxeiros sobre a poboación total (Porcentaxe) | 4,9 |
| Taxa bruta de natalidade (Tantos por mil de persoas) ²⁷ | 7,1 |
| Taxa bruta de mortalidade (Tanto por mil de persoas) ²⁸ | 9,29 |
| Esperanza de vida ao nacemento (Anos) ²⁹ | 83,21 |
| Número medio de fillos por muller (Número) ³⁰ | 1,09 |
| Número total de fogares (Número) | 112897 |
| Tamaño medio dos fogares (Número) | 2,6 |
| Proporción de fogares dunha persoa sobre o total de fogares (Porcentaxe) | 26,8 |

1.1.2 Aspectos sociais

| Indicador | Valor |
|---|--------|
| Número de vivendas convencionais segundo o Cadastro (Número) | 135386 |
| Número de vivendas convencionais segundo o Censo (Número) ³¹ | 143579 |
| Proporción de vivendas vacías (Porcentaxe) ³² | 12,95 |

²⁷⁾ Ano 2017.

²⁸⁾ Ano 2017.

²⁹⁾ Calculado como media de tres anos, sendo 2017 o ano central de referencia.

³⁰⁾ Ano 2017.

³¹⁾ Ano 2011.

³²⁾ Ano 2011.

1.1.3 Aspectos económicos

| Indicador | Valor |
|--|----------|
| Taxa de desemprego (Porcentaxe) | 15,0 |
| Proporción de ocupados entre 20-64 anos sobre a poboación activa (Porcentaxe) | 84,9 |
| Taxa de actividade (Porcentaxe) | 55,1 |
| Proporción de emprego en servizos (NACE Rev.2 G-U) (Porcentaxe) ³³ | 77,94 |
| Proporción de emprego en industria (NACE Rev.2 B-E) (Porcentaxe) ³⁴ | 15,9 |
| Renda neta media anual dos fogares (Euros) ³⁵ | 31827,32 |
| Renda neta media anual por habitante (Euros) ³⁶ | 12082,99 |
| Renda neta media anual por unidade de consumo (Euros) ³⁷ | 18158,88 |

1.1.4 Superficie e uso do solo

| Indicador | Valor |
|--|-------|
| Superficie total (Km ²) | 105 |
| Uso do solo (%): Tecido urbano residencial continuo ³⁸ | 13,77 |
| Uso do solo (%): Tecido urbano residencial descontinuo ³⁹ | 13,62 |
| Uso do solo (%): Unidades industriais, comerciais, públicas, militares e privadas ⁴⁰ | 6,82 |
| Uso do solo (%): Infraestruturas de transporte ⁴¹ | 5,23 |
| Uso do solo (%): Outras zonas artificiais ⁴² | 0,89 |
| Uso do solo (%): Zonas verdes urbanas, instalacións deportivas e de lecer ⁴³ | 2,07 |
| Uso do solo (%): Zonas agrícolas ⁴⁴ | 15,57 |
| Uso do solo (%): Zonas naturais ⁴⁵ | 42,03 |
| Relación de zona verdes, deportivas e de lecer sobre zonas urbanas residenciais continuas e descontinuas ⁴⁶ | 0,08 |

1.1.5 Formación e educación

| Indicador | Valor |
|--|-------|
| Proporción de nenos de 0-4 anos en garderías sobre a poboación de 0-4 anos (Porcentaxe) ⁴⁷ | 65,88 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel educación ISCED 0, 1 ou 2 (Porcentaxe) ⁴⁸ | 34,72 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 3 ou 4 (Porcentaxe) ⁴⁹ | 21,09 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 5 ou 6 (Porcentaxe) ⁵⁰ | 44,20 |

³³⁾ Ano 2018.

³⁴⁾ Ano 2018.

³⁵⁾ Ano 2017.

³⁶⁾ Ano 2017.

³⁷⁾ Ano 2017.

³⁸⁾ Ano 2014.

³⁹⁾ Ano 2014.

⁴⁰⁾ Ano 2014.

⁴¹⁾ Ano 2014.

⁴²⁾ Ano 2014.

⁴³⁾ Ano 2014.

⁴⁴⁾ Ano 2014.

⁴⁵⁾ Ano 2014.

⁴⁶⁾ Ano 2014.

⁴⁷⁾ Ano 2018.

⁴⁸⁾ Ano 2018.

⁴⁹⁾ Ano 2018.

⁵⁰⁾ Ano 2018.

1.1.6 Viaxes e transporte

| Indicador | Valor |
|---|-------|
| Porcentaxe de viaxes ao traballo en coche (Porcentaxe) ⁵¹ | 50,15 |
| Porcentaxe de viaxes ao traballo a pé (Porcentaxe) ⁵² | 14,58 |
| Porcentaxe de viaxes ao traballo en transporte público (Porcentaxe) ⁵³ | 10,49 |
| Duración media da viaxe ao traballo (Minutos) ⁵⁴ | 19,67 |

1.1.7 Turismo

| Indicador | Valor |
|---|--------|
| Número de pernoitacións turísticas anuais (Número) ⁵⁵ | 893927 |
| Número de prazas dispoñíbeis en establecementos turísticos (Número) ⁵⁶ | 5285 |

1.2 Resultados por xénero

A seguir móstranse os resultados do sistema de indicadores Urban Audit, segmentados en función da variábel xénero e aplicados ao ámbito municipal de Vigo. Os datos foron recollidos na última edición de Indicadores Urbanos do INE, os últimos referenciados antes da emerxencia da actual crise por Covid-19.

Indicadores Urbanos de Vigo por xénero

| Indicador | Total | Homes | Mulleres |
|---|--------|--------|----------|
| Poboación residente (Número) | 295364 | 139699 | 155665 |
| Proporción de poboación de 0-14 anos (Porcentaxe) | 12,82 | 14,02 | 11,75 |
| Proporción de poboación de 15-64 anos (Porcentaxe) | 64,81 | 66,60 | 63,21 |
| Proporción de poboación >=65 anos (Porcentaxe) | 22,36 | 19,39 | 25,04 |
| Idade mediana da poboación (anos) | 46,08 | 44,32 | 47,76 |
| Proporción de nacionais sobre a poboación total (Porcentaxe) | 95,12 | 95,09 | 95,15 |
| Proporción de nativos nacionais sobre a poboación total (Porcentaxe) | 88,87 | 89,14 | 88,63 |
| Proporción de nados no estranxeiro sobre a poboación total (Porcentaxe) | 11,13 | 10,86 | 11,37 |
| Proporción de estranxeiros sobre a poboación total (Porcentaxe) | 4,88 | 4,91 | 4,85 |
| Taxa bruta de mortalidade (Tanto por mil de persoas) ⁵⁷ | 9,29 | 9,70 | 8,92 |
| Esperanza de vida ao nacemento (Anos) ⁵⁸ | 83,21 | 80,13 | 85,94 |
| Número medio de fillos por muller (Número) ⁵⁹ | 1,09 | - | 1,09 |

A maioría da poboación do concello de Vigo (52,7%) é feminina. Porén, existe máis proporción de homes nos tramos de poboación comprendidos entre os 0 e 64 anos, mentres que a porcentaxe de mulleres só é superior a partir dos 65 (25,04% contra 19,39% de homes). En consecuencia, tanto a idade mediana (47,76 anos contra 44,32 de homes) como a esperanza de vida ao nacemento (85,94 anos contra 80,13 de homes) das mulleres é superior á masculina.

⁵¹⁾ Ano 2011.

⁵²⁾ Ano 2011.

⁵³⁾ Ano 2011.

⁵⁴⁾ Ano 2011.

⁵⁵⁾ Ano 2018.

⁵⁶⁾ Ano 2018.

⁵⁷⁾ Ano 2017

⁵⁸⁾ Ano 2017.

⁵⁹⁾ Ano 2017.

Por xéneros non existen diferenzas estatisticamente significativas na proporción de nacionais, de nativos nacionais e de nacidos no estranxeiro sobre a poboación total. A proporción de estranxeiros sobre a poboación total de xénero masculino (4,91%) é levemente superior á feminina (4,58%).

2. Evolución temporal dos Indicadores Urbanos

Este apartado reflicte a evolución temporal experimentada no período 2010-19 polo sistema de indicadores Urban Audit aplicados ao ámbito municipal de Vigo tanto a nivel global como por xénero⁶⁰.

2.1 Resultados globais

2.1.1 Demografía

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|--|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|
| Poboación residente | 297124 | 297241 | 297355 | 296479 | 294997 | 294098 | 292817 | 292986 | 293642 | 295364 |
| Proporción de poboación de 0-14 anos | 12,88 | 12,98 | 13,08 | 13,18 | 13,21 | 13,19 | 13,15 | 13,12 | 13,05 | 12,82 |
| Proporción de poboación de 15-64 anos | 69,26 | 68,62 | 68,00 | 67,44 | 66,79 | 66,16 | 65,62 | 65,27 | 64,94 | 64,81 |
| Proporción de poboación ≥65 anos | 17,86 | 18,40 | 18,91 | 19,38 | 20,00 | 20,65 | 21,23 | 21,61 | 22,01 | 22,36 |
| Idade mediana da poboación | 41,72 | 42,19 | 42,69 | 43,24 | 43,74 | 44,26 | 44,8 | 45,24 | 45,67 | 46,08 |
| Proporción de nacionais sobre a poboación total | 94,37 | 94,38 | 94,34 | 94,38 | 95,06 | 95,47 | 95,80 | 95,81 | 95,58 | 95,12 |
| Proporción de nativos nacionais sobre a poboación total | 89,78 | 89,6 | 89,41 | 89,36 | 89,67 | 89,82 | 90,01 | 89,82 | 89,47 | 88,87 |
| Proporción de nacidos no estranxeiro sobre a poboación total | 10,22 | 10,40 | 10,59 | 10,64 | 10,33 | 10,18 | 9,99 | 10,18 | 10,53 | 11,13 |
| Proporción de estranxeiros sobre a poboación total | 5,63 | 5,62 | 5,66 | 5,62 | 4,94 | 4,53 | 4,20 | 4,19 | 4,42 | 4,88 |
| Taxa bruta de natalidade | 8,96 | 8,72 | 8,64 | 8,08 | 7,92 | 7,67 | 7,44 | 7,10 | | |
| Taxa bruta de mortalidade | 8,27 | 8,19 | 8,67 | 8,58 | 8,66 | 8,91 | 9,12 | 9,29 | | |
| Esperanza de vida ao nacemento | | | | | | 83,24 | 83,06 | 83,21 | | |
| Número medio de fillos por muller | | | | | | | 1,10 | 1,09 | | |
| Número total de fogares | 104639 | 106085 | 107421 | 107806 | 108720 | 109307 | 111295 | 110718 | 111579 | 112897 |
| Tamaño medio dos fogares | 2,82 | 2,79 | 2,75 | 2,73 | 2,70 | 2,69 | 2,67 | 2,62 | 2,60 | 2,59 |
| Proporción de fogares dunha persoa sobre o total de fogares | 23,00 | 23,60 | 24,05 | 24,55 | 24,87 | 25,13 | 25,90 | 26,10 | 26,34 | 26,76 |

⁶⁰ A evolución temporal dos Indicadores Urbanos por xénero abranxen o período 2019-18.

2.1.2 Aspectos sociais

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|---|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|
| Número de vivendas convencionais segundo o Cadastro | 130079 | 132426 | 132839 | 133458 | 133846 | 134110 | 134491 | 135058 | 135257 | 135386 |
| Número de vivendas convencionais segundo o Censo | | 143579 | | | | | | | | |
| Proporción de vivendas vacías | | 12,95 | | | | | | | | |

2.1.3 Aspectos económicos

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|---|-------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|-------|-------|
| Taxa de desemprego | 18,03 | 20,50 | 23,82 | 24,18 | 24,44 | 22,33 | 19,34 | 18,95 | 16,69 | 15,00 |
| Proporción de ocupados entre 20-64 anos sobre a poboación activa) | 82,07 | 79,55 | 76,05 | 75,65 | 75,53 | 77,48 | 80,42 | 81,01 | 83,31 | 84,92 |
| Taxa de actividade | 55,77 | 56,51 | 56,77 | 55,76 | 55,94 | 55,32 | 55,21 | 54,22 | 54,35 | 55,07 |
| Proporción de emprego en servizos (NACE Rev.2 G-U) | 74,77 | 75,67 | 76,38 | 70,60 | 78,03 | 78,01 | 78,07 | 77,53 | 77,94 | |
| Proporción de emprego en industria (NACE Rev.2 B-E) | 16,89 | 16,69 | 16,24 | 22,30 | 15,69 | 15,64 | 15,75 | 16,19 | 15,90 | |
| Renda neta media anual dos fogares | .. | 31869,29 | 30270,61 | 29653,83 | 28723,98 | 31077,45 | 31139,00 | 31827,32 | | |
| Renda neta media anual por habitante | | | | | | 11680,37 | 11665,76 | 12082,99 | | |
| Renda neta media anual por unidade de consumo | | | | | | 17611,16 | 17601,65 | 18158,88 | | |

2.1.4 Superficie e uso do solo

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|--|------|-------|------|-------|-------|-------|-------|-------|--------|--------|
| Superficie total | | 105,2 | | 105,2 | | 105,2 | 105,2 | 105,2 | 105,20 | 104,99 |
| Uso do solo | | | | | | | | | | |
| Tecido urbano residencial continuo | | | | | 13,77 | | | | | |
| Tecido urbano residencial discontinuo | | | | | 13,62 | | | | | |
| Unidades industriais, comerciais, públicas, militares e privadas | | | | | 6,82 | | | | | |
| Uso do solo Infraestruturas de transporte | | | | | 5,23 | | | | | |
| Outras zonas artificiais | | | | | 0,89 | | | | | |
| Zonas verdes urbanas, instalacións deportivas e de lecer | | | | | 2,07 | | | | | |
| Zonas agrícolas | | | | | 15,57 | | | | | |
| Zonas naturais | | | | | 42,03 | | | | | |
| Relación de zona verdes, deportivas e de lecer sobre zonas urbanas residenciais continuas e discontinuas | | | | | 0,08 | | | | | |

2.1.5 Formación e educación

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|---|-------|-------|-------|------|-------|-------|-------|-------|-------|------|
| Proporción de nenos de 0-4 anos en garderías sobre a poboación de 0-4 anos | 50,26 | 50,45 | 51,63 | .. | 62,41 | 66,41 | 66,98 | 67,56 | 65,88 | |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel educación ISCED 0, 1 ou 2 | .. | 40,05 | .. | .. | .. | | 37,59 | | 34,72 | |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 3 ou 4 | .. | 22,57 | .. | .. | .. | | 20,88 | | 21,09 | |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 5 ou 6 | .. | 37,28 | .. | .. | .. | | 41,53 | | 44,20 | |

2.1.6 Viaxes e transporte

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|--|------|-------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| Porcentaxe de viaxes ao traballo en coche | | 50,15 | | | | | | | | |
| Porcentaxe de viaxes ao traballo a pé | | 14,58 | | | | | | | | |
| Porcentaxe de viaxes ao traballo en transporte público | | 10,49 | | | | | | | | |
| Duración media da viaxe ao traballo | | 19,67 | | | | | | | | |

2.1.7 Turismo

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|--|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|------|
| Número de pernoitacións turísticas anuais | 662097 | 645342 | 610574 | 573981 | 591737 | 663528 | 801469 | 887915 | 893927 | |
| Número de prazas dispoñibles en establecementos turísticos | 4747 | 5184 | 5140 | 4720 | 4792 | 5843 | 5780 | 6093 | 5285 | |

2.2 Resultados por xénero

| Indicador | | 2018 | 2019 |
|--------------------------------------|----------|--------|--------|
| Poboación residente | Total | 293642 | 295364 |
| | Homes | 138980 | 139699 |
| | Mulleres | 154662 | 155665 |
| Proporción de poboación de 0-14 anos | Total | 13,05 | 12,82 |
| | Homes | 14,26 | 14,02 |
| | Mulleres | 11,96 | 11,75 |

| Indicador | | 2018 | 2019 |
|--|----------|-------|-------|
| Proporción de poboación de 15-64 anos | Total | 64,94 | 64,81 |
| | Homes | 66,69 | 66,60 |
| | Mulleres | 63,37 | 63,21 |
| Proporción de poboación >=65 anos | Total | 22,01 | 22,36 |
| | Homes | 19,05 | 19,39 |
| | Mulleres | 24,67 | 25,04 |
| Idade mediana da poboación | Total | 45,67 | 46,08 |
| | Homes | 43,86 | 44,32 |
| | Mulleres | 47,39 | 47,76 |
| Proporción de nacionais sobre a poboación total | Total | 95,58 | 95,12 |
| | Homes | 95,54 | 95,09 |
| | Mulleres | 95,61 | 95,15 |
| Proporción de nativos nacionais sobre a poboación total | Total | 89,47 | 88,87 |
| | Homes | 89,71 | 89,14 |
| | Mulleres | 89,26 | 88,63 |
| Proporción de nados no estranxeiro sobre a poboación total | Total | 10,53 | 11,13 |
| | Homes | 10,29 | 10,86 |
| | Mulleres | 10,74 | 11,37 |
| Proporción de estranxeiros sobre a poboación total | Total | 4,42 | 4,88 |
| | Homes | 4,46 | 4,91 |
| | Mulleres | 4,39 | 4,85 |
| Taxa bruta de mortalidade ⁶¹ | Total | 9,12 | 9,29 |
| | Homes | 9,46 | 9,70 |
| | Mulleres | 8,82 | 8,92 |
| Esperanza de vida ao nacemento ⁶² | Total | 83,06 | 83,21 |
| | Homes | 79,97 | 80,13 |
| | Mulleres | 85,79 | 85,94 |
| Número medio de fillos por muller ⁶³ | Total | 1,10 | 1,09 |

2.3 Análise da evolución dos Indicadores Urbanos municipais de Vigo

2.3.1 Resultados globais

2.3.1.1 Aspectos demográficos

Entre 2010 e 2019 a poboación do concello de Vigo viuse reducida un 0,59%, pasando de 2797124 a 295364 habitantes. Durante este período houbo incrementos de poboación entre 2019/18 (+0,59%), 2018/17 (+0,22%), 2017/16 (+0,06%) ben como entre 2012/11 e 2011/10 (+0,04% ambos). Porén, houbo unha diminución da poboación en catro períodos: 2014/13 (-0,50%), 2016/15 (-0,44%), 2015/14 (-0,30%) e 2013/12 (-0,29%).

A nivel global Vigo experimentou unha diminución do 0,47% das persoas na faixa de idade entre 0-14 anos, mostrando unha evolución crecente entre 2010-2014 (+2,54%) e decrecente entre 2015-19 (-2,98%). Entre 2019/18 produciuse a maior diminución interanual (-1,76%).

⁶¹) Datos de 2016 e 2017.

⁶²) Datos de 2016 e 2017.

⁶³) Datos de 2016 e 2016.

A poboación comprendida entre 15 e 64 anos experimentou unha diminución do 6,43% entre 2010-19. Neste período todas as oscilacións interanuais son negativas, sendo máis acusada entre 2014/13 (-0,96%), 2015/14 (-0,94%) e 2011/10 (-0,92%) que en 2019/18 (-0,20%) e 2018/17 (-0,51%).

En consecuencia, entre 2010 e 2019 produciuse un incremento do 25,2% da proporción de poboación con 65 ou máis anos até situarse en 2019 no máximo da serie histórica (22,36%). O incremento é constante en toda a década, alcanzando os máximos valores en 2015/14 (+3,25%), 2014/13 (3,20%) e 2011/10 (3,02%) contra o mínimo de 1,59% entre 2019/18 e 1,79% entre 2017/16.

A idade mediana da poboación viguesa experimentou un incremento do 10,45%, pasando de 41,72 a 46,08 anos no período avaliado.

Entre 2010-19 mentres que proporción de nacionais sobre a poboación total experimentou incremento do 0,79% pasando do 94,37% en 2010 a 95,12% en 2019, a de estranxeiros viuse reducida nun 13,32% (do 5,63% ao 4,88%). A proporción de nados no estranxeiro sobre a poboación total experimentou un incremento do 8,9%, pasando do 10,22% en 2010 ao 11,13% en 2019.

Durante o período avaliado a taxa bruta de natalidade experimentou unha diminución (-20,76%) que non compensa o incremento da mortalidade (12,33%). Mentres que o descenso da natalidade é máis intenso entre 2013/12 (-6,48%) e 2017/16 (-4,57%), a mortalidade foi máis alta en 2012/11 (5,86%) e 2014/15 (2,89%).

A esperanza de vida ao nacer experimentou entre 2017/15 unha diminución do 0,04%, pasando de 83,24 a 83,21 anos.

O número medio de fillos por muller entre 2017/16, únicos datos dispoñíbeis, experimentou unha diminución do 0,91%, pasando de 1,1 en 2016 a 1,09 en 2017.

Na década avaliada o concello experimentou un incremento constante do 7,89% no número total de fogares, pasando de 104639 a 112897. Porén o tamaño medio destes viuse reducido nun 8,16% ao pasar de 2,82 membros en 2010 a 2,59 en 2019. A proporción de fogares vigueses constituídos por unha soa persoa viuse incrementado nun 16,35%, ao pasar do 23% en 2010 ao 26,76% en 2019.

2.3.1.2 Aspectos sociais

O número de vivendas convencionais segundo o Catastro no concello de Vigo experimentou un incremento do 4,08% entre 2010 e 2019, pasando de 130079 a 135386.

2.3.1.3 Aspectos económicos

A taxa de desemprego experimentou entre 2010 e 2019 unha diminución do 16,81%, pasando de 18,03% en 2010 a un mínimo do 15,00% en 2019. Durante este período a taxa de desemprego experimenta un crecemento continuado entre 2010 e 2014 (32,48%), mostrando, a partir de entón unha evolución decrecente do 46,09%. A maior taxa de desemprego rexistrouse nos anos 2014 (24,44%), 2013 (24,18%) e 2012 (23,82%) contra o mínimo nos últimos tres anos: 15,00% en 2019, 16,69% en 2018 e 18,95% en 2017.

A proporción de ocupados entre 20-64 anos sobre a poboación activa experimentou un aumento do 3,47%, pasando do 82,077% en 2011 ao 84,92% en 2019. Ao longo do período avaliado a tendencia foi decrecente entre 2010-14 e crecente a partir de 2015.

Porén, a taxa de actividade neste período experimentou unha diminución do 1,26%, pasando do 55,7% en 2010 a 55,07% en 2019. No período avaliado combináronse decrecementos (en 2013 e entre 2015-17) con incrementos (entre 2010-12, 2014 e 2017-19) da taxa de actividade.

2.3.1.4 Formación e educación

Entre os anos 2018 e 2010, a proporción de menores con idades entre 0 e 4 anos escolarizados en garderías sobre a poboación infantil desa faixa de idade experimenta un aumento do 31,08%, ao pasar do 50,26% ao 65,88%. Este incremento foi constante ao longo do período avaliado, producíndose unha diminución do 2,49% entre 2018/17.

No tramo de poboación comprendida entre 25 e 64 anos entre os anos 2018 e 2011 produciuse un incremento do 15,66% das persoas co máximo nivel de educación ISCED 5 ou 6 (ao pasar do 37,28% ao 44,20%) e un descenso do 15,35% con nivel de educación ISCED 0, 1 ou 2 (do 22,57% ao 21,09%) e do 7,02% con nivel de educación ISCED 3 ou 4 (do 40,05% ao 34,72%).

2.3.1.5 Turismo

No período analizado o número de pernoitacións turísticas no concello de Vigo experimentou un incremento do 35,01%, ao pasar de 662097 en 2010 a 893927 en 2018. Porén, a evolución experimentada non é constante, mostrando unha tendencia decrecente entre 2010-12 e crecente no resto de anos avaliados, cun máximo de 20,79% en 2016/15, seguido polo 12,13% entre 2015/14 e 10,79% en 2017/16. Esta taxa de crecemento viuse moderada (0,68%) no último bienio avaliado.

No tocante ao número de prazas dispoñibles en establecementos turísticos este experimentou un incremento do 11,3% ao pasar de 4747 en 2010 a 5285 en 2018. A oferta de prazas en establecementos turísticos presenta unha evolución máis irregular, alternando períodos crecentes entre 2015/14 (21,93%), 2011/10 (9,21%), 2017/16 (5,42%) e 2014/13 (1,53%) e decrecentes entre 2018/17 (13,26%), 2013/12 (8,17%), 2016/15 (1,08%) e 2012/11 (0,85%).

2.3.2 Resultados por xénero

A análise da evolución temporal dos resultados por xénero foi realizada con base na serie de datos dispoñibles, correspondentes aos anos 2019 e 2018. Por tanto, esta análise é limitada ao bineio 2019/18.

Entre 2019/18 a poboación viguesa experimentou un crecemento do 0,59%, sendo máis elevado o crecemento da poboación feminina (0,65%) que a masculina (0,52%).

Por faixas de poboación, neste período a diminuíron en Vigo a proporción de poboación entre 0-14 anos (-1,76%) e entre 15-64 (-0,20%) mentres que aumentou un 1,59% a faixa con 65 ou máis anos. Por xéneros foi máis elevada a diminución de poboación feminina entre 0-14 anos (-1,76% contra 1,68% de homes), entre 15-64 (-0,25% contra -0,13% de homes) e máis elevada a de homes na faixa igual ou superior a 65 anos (1,78% contra 1,50% de mulleres).

A idade mediana da poboación viguesa experimentou un incremento do 0,90% ao pasar de 45,67 para 46,08 anos, sendo máis elevada a producida nos homes (+1,05%) que nas mulleres (+0,78%).

Sen diferenzas estatisticamente significativas por xéneros ($p > 0,05$), nos dous últimos anos produciuse un incremento tanto da proporción de estranxeiros sobre a poboación total (+10,41%) como da proporción de nados

no estranxeiro sobre a poboación total (5,70%), o que acarreta a consecuente diminución tanto da proporción de nativos nacionais (-0,67%) como de nacionais (-0,48%) sobre a poboación total.

PARTE II

ÁMBITO SUPRAMUNICIPAL DE VIGO

1. Organización supramunicipal de Vigo

Sobre o concello de Vigo converxen diferentes entidades supramunicipais. Dependendo da instancia que a determine e as diferenzas da metodoloxía asociadas dan lugar a diferentes áreas urbanas de Vigo. A seguir móstranse as máis significativas.

1.1 Área Metropolitana de Vigo

A AUF deseñada pola UE para Vigo difire significativamente da Área Metropolitana de Vigo (AMV), a rexión urbana e entidade local supramunicipal constituída en 2012 pola Xunta de Galicia⁶⁴ abrangendo á cidade galega que lle dá nome e os 14 concellos satélites que funcionan como cidades dormitorio, industriais, comerciais e de servizos.

Respondendo ao modelo clásico de cidade central dominante que alcanzou un importante grao de complexidade e que se encontra nun ciclo de proceso metropolitano no que a cidade central comeza a perder peso poboacional e económico relativo en favor dos concellos limítrofes, os concellos abranxentes foron integrados na AMV en base á existencia dun vínculo económico e social coa cidade de Vigo.


En total, os concellos integrantes da AMV abarcan unha superficie de 749,1 km onde viven 480.525 persoas percententes, tal como mostra o Cadro nº3, a tres comarcas distintas (Vigo, O Morrazo e O Condado).

Cadro nº3: Concellos integrantes da AMV

| Concello | Poboación | Superficie | Comarca |
|--------------------|-----------|------------|-----------|
| Baiona | 12122 | 34,5 | Vigo |
| Cangas | 26542 | 38,1 | O Morrazo |
| Fornelos de Montes | 1616 | 83,1 | Vigo |
| Gondomar | 14286 | 74,5 | Vigo |
| Moaña | 19399 | 35,1 | O Morrazo |
| Mos | 15078 | 53,2 | Vigo |
| Nigrán | 17675 | 34,8 | Vigo |
| Pazos de Borbén | 2999 | 50,0 | Vigo |
| Porriño (O) | 19848 | 61,2 | Vigo |
| Redondela | 29218 | 52,1 | Vigo |
| Salceda de Caselas | 9164 | 35,9 | Vigo |
| Salvaterra de Miño | 9819 | 62,5 | O Condado |
| Soutomaior | 7395 | 25,0 | Vigo |
| Vigo | 295364 | 109,1 | Vigo |
| Total | 480525 | 749,1 | |


⁶⁴⁾ Lei 4/2012.

Figura nº1: Localización da AMV en Galicia



Creado con Datawrapper a partir de datos de CNIG

Figura nº2: Localización dos Concellos integrantes da AMV



Creado con Datawrapper a partir de datos de CNIG

A 12 de xullo de 2016 o Parlamento Galego aproba unha modificación parcial da Lei 4/2012, recollendo a posibilidade de ampliar a AMV cos concellos limítrofes que mostraron a súa vontade de adherir (O Rosal, A Caniza, A Guarda, As Neves, Mondariz, Oia, Pontearreas, Ponte-Caldelas, Tomiño, Tui e Vilaboa). O obxectivo de futuras integracións na área metropolitana é que os diferentes concellos con vínculo histórico á cidade de Vigo poidan

verse beneficiados das diferentes vantaxes de pertencer ao ente supramunicipal. Coa xuntanza destes concellos, a área metropolitana alcanzaría unha poboación de 580.000 habitantes.

Outra das modificacións da lei foi a outorgar á cidade de Vigo de dotación de servizos públicos da administración central, autonómica e provincial, similar aos dunha capital de provincia. En consecuencia, foi a primeira vez desde a restauración democrática no Reino de España, que unha lei outorga á cidade o rango de capital de provincia, compensando desta maneira unha reclamación histórica da sociedade viguesa.

Na actualidade a Área Metropolitana de Vigo defínese como unha entidade local supramunicipal, de carácter territorial, integrada polos concellos de Vigo e os da súa área de influencia, entre os cales existe unha vinculación económica e social que fai preciso o planeamento conxunto e a coordinación de determinados servizos e obras, para garantir a súa prestación integral e adecuada no ámbito de todo o territorio así como alcanzar a eficacia dos investimentos públicos.

1.2 Área Urbana Vigo-Pontevedra

En decembro de 2018 a nova edición do Atlas das Grandes Áreas Urbanas do Ministerio de Fomento do Goberno de España realizou, pola primeira vez, unha división de Galicia en seis áreas e non nas sete clásicas. Para ese ministerio español, a efectos estatísticos, o concello de Vigo forma un conxunto único co de Pontevedra.

Segundo o goberno español, a Área Urbana Vigo-Pontevedra está conformada por 14 concellos, dez deles da AMV⁶⁵ e catro de Pontevedra⁶⁶, cunha poboación total actualizada de 587231 habitantes e 743,4 quilómetros cadrados. Para Fomento a autoestrada AP9 sería unha especie de grande vía entre ambas cidades, ligadas nunha aglomeración urbana coherente por motivos laborais, económicos e xeográficos.

Cadro nº4: Concellos integrantes da Área Urbana Vigo-Pontevedra

| Concello | Poboación | Superficie | Comarca |
|-------------|-----------|------------|------------|
| Baiona | 12122 | 34,5 | Vigo |
| Cangas | 26542 | 38,1 | O Morrazo |
| Gondomar | 14286 | 74,5 | Vigo |
| Marín | 24319 | 36,7 | O Morrazo |
| Moaña | 19399 | 35,1 | O Morrazo |
| Mos | 15078 | 53,2 | Vigo |
| Nigrán | 17675 | 34,8 | Vigo |
| Poio | 17082 | 33,9 | Pontevedra |
| Pontevedra | 83029 | 118,3 | Pontevedra |
| Porriño (O) | 19848 | 61,2 | Vigo |
| Redondela | 29218 | 52,1 | Vigo |
| Soutomaior | 7395 | 25,0 | Vigo |
| Vigo | 295364 | 109,1 | Vigo |
| Vilaboa | 5874 | 36,9 | Pontevedra |
| Total | 587231 | 743,4 | |

⁶⁵ Baiona, Cangas, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, O Porriño, Redondela, Soutomaior e Vigo.


⁶⁶ Marín, Poio, Pontevedra e Vilaboa.

Figura nº3: Localización da AU Vigo-Pontevedra en Galicia



Creado con Datawrapper a partir de datos de CNIG

Figura nº4: Localización dos Concellos integrantes da AU Vigo-Pontevedra



Creado con Datawrapper a partir de datos de CNIG

Segundo o Goberno de España no estado existen 52 áreas metropolitanas, das cales 15 teñen unha poboación superior ao medio millón de habitantes⁶⁷. A Área Urbana Vigo-Pontevedra é a máis grande de Galicia cunha poboación de 587.231 habitantes, sendo a única do país que supera o medio millón⁶⁸.

1.3 Comarca de Vigo

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle a división e organización do territorio en comarcas (ademais de provincias e parroquias rurais). Por iso, segundo o Decreto 656/1997, de 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia⁶⁹, en Galicia existen oficialmente 53 comarcas. Estas comarcas, que carecen de funcións administrativas, constitúen o ámbito dos planos de desenvolvemento comarcal implementados pola Xunta de Galicia.

Ao abrigo de dito decreto, os concellos galegos distribúense en comarcas, constituíndo o concello de Vigo unha comarca homónima formada por once concellos que abarcan un área de 613,4 km² abranxendo unha poboación de 424.765 habitantes.

Cadro nº5: Concellos integrantes da Comarca de Vigo


| Concello | Poboación | Superficie |
|--------------------|-----------|------------|
| Baiona | 12122 | 34,5 |
| Fornelos de Montes | 1616 | 83,1 |
| Gondomar | 14286 | 74,5 |
| Mos | 15078 | 53,2 |
| Nigrán | 17675 | 34,8 |
| Pazos de Borbén | 2999 | 50,0 |
| Porriño (O) | 19848 | 61,2 |
| Redondela | 29218 | 52,1 |
| Salceda de Caselas | 9164 | 35,9 |
| Soutomaior | 7395 | 25,0 |
| Vigo | 295364 | 109,1 |
| Total | 424765 | 613,4 |

⁶⁷⁾ Por orde decrecente de habitantes: Madrid (6120254 hab), Barcelona (5108383 hab), Valencia (1552783 hab), Sevilla (1307209 hab), Málaga (974822hab), Bilbao (901557 hab), Asturias (804142 hab), Zaragoza (744862 hab), Alacante-Elxe (700259 hab), Murcia (655667 hab), Baía de Cadis-Xerez (638877 hab), Vigo-Pontevedra (585187 hab), Palma de Mallorca (552649 hab), As Palmas de Gran Canaria (536946 hab) e Granada (526982 hab) [datos de 2018].

⁶⁸⁾ Seguida pola Área Urbana da Coruña (413911 habitantes), Santiago de Compostela (146.208 hab), Ourense (131.008 hab) e de Ferrol (129.346 hab) [datos de 2018].


⁶⁹⁾ DOG nº63, de 3/4/1997.

Figura nº5: Localización da Comarca de Vigo en Galicia



Creado con Datawrapper a partir de datos de CNIG

Figura nº6: Localización dos Concellos integrantes da Comarca de Vigo



Creado con Datawrapper a partir de datos de CNIG

1.4 Área Urbana Funcional de Vigo

Para as principais cidades europeas constrúense as súas áreas metropolitanas de influencia, coñecidas como Áreas Urbanas Funcionais (AUF). Cada AUF consiste nunha cidade e os concellos que forman o seu entorno fun-

cional, concretamente de influencia laboral. A nivel estatal defínense 70 áreas urbanas funcionais, sendo a constituída pola área metropolitana de Vigo unha delas.

A AUF está composta pola cidade e a súa zona de deslocamento. Unha vez que todas as cidades foron definidas, pódese identificar unha zona de conmutación con base nos padróns de conmutación usando as seguintes etapas:

Etapa 1: Se o 15% das persoas empregadas que viven nunha cidade traballan noutra cidade, esas cidades son tratadas como cidades conectadas. Neste caso, a primeira cidade fai parte da Área Urbana Funcional da segunda cidade e non posúa a súa propia AUF. Por exemplo, máis de 15% das persoas ocupadas que viven na cidade búlgara de Pernik traballa en Sofía. É por iso que a cidade de Pernik pertence á AUF de Sofía e a AUF de Pernik non foi definida.

Etapa 2: Son identificados todos os concellos con polo menos 15% dos seus residentes empregados traballando nunha cidade.

Etapa 3: Os concellos cercados por unha única área funcional son incluídos mentres que os concellos non contiguos son descartados.

Se un concello atender aos criterios para facer parte das Áreas Urbanas Funcionais de dúas cidades, por exemplo, un concello localizado entre dúas grandes cidades, debe ser atribuído á AUF da cidade con maior porcentual de residentes ocupados que se trasladen a ese destino.

No caso das grandes cidades, os fluxos pendulares son examinados para toda a grande cidade e non para a cidade.


Con base nestes criterios, a Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión Europea deseñou a área de influencia do concello de Vigo composta por un total de 21 concellos. Segundo a UE a área de atracción laboral de Vigo esténdese aos concellos de Baiona, Cangas, Covelo, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Ponteareas, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Tomiño, Tui e Vigo.

Cadro nº6: Concellos integrantes da AUF de Vigo

| Concello | Poboación | Superficie | Comarca |
|--------------------|-----------|------------|--------------|
| Baiona | 12122 | 34,5 | Vigo |
| Cangas | 26542 | 38,1 | O Morrazo |
| Covelo | 2396 | 125,3 | A Paradanta |
| Fornelos de Montes | 1616 | 83,1 | Vigo |
| Gondomar | 14286 | 74,5 | Vigo |
| Moaña | 19399 | 35,1 | O Morrazo |
| Mondariz | 4440 | 85,1 | O Condado |
| Mondariz-Balneario | 644 | 2,3 | O Condado |
| Mos | 15078 | 53,2 | Vigo |
| Nigrán | 17675 | 34,8 | Vigo |
| Oia | 3053 | 83,3 | O Baixo Miño |
| Pazos de Borbén | 2999 | 50,0 | Vigo |
| Ponteareas | 22877 | 125,6 | O Condado |
| Porriño (O) | 19848 | 61,2 | Vigo |
| Redondela | 29218 | 52,1 | Vigo |
| Salceda de Caselas | 9164 | 35,9 | Vigo |
| Salvaterra de Miño | 9819 | 62,5 | O Condado |
| Soutomaior | 7395 | 25,0 | Vigo |


| Concello | Poboación | Superficie | Comarca |
|----------|-----------|------------|--------------|
| Tomíño | 13499 | 106,6 | O Baixo Miño |
| Tui | 16701 | 68,3 | O Baixo Miño |
| Vigo | 295364 | 109,1 | Vigo |
| TOTAL | 544135 | 1347,78 | |

Figura nº7: Localización da AUF de Vigo en Galicia



Creado con Datawrapper a partir de datos de CNIG

Figura nº8: Localización dos concellos integrantes da AUF de Vigo



Creado con Datawrapper a partir de datos de CNIG

No total, estes 21 concellos suman unha poboación de 544135 e abranxen unha área de 1347,78 km², o que a converte na primeira de Galicia e, segundo mostra o Cadro nº7, décimo segunda máis poboada de España, superando así coa agregación dos concellos do seu entorno non só á área metropolitana da Coruña, senón a concellos con máis residentes que Vigo, como Alacante⁷⁰, Córdoba⁷¹ ou Valladolid⁷², ficando a 22145 habitantes de alcanzar á AUF de Granada.

Cadro nº7: Principais AUF de España

| AUF | Poboación | AUF | Poboación |
|------------------------------|-----------|--|-----------|
| Madrid | 6882461 | Coruña (A) | 419834 |
| Barcelona | 5040582 | Pamplona/Iruña | 389850 |
| Valencia | 1748142 | Santander | 381666 |
| Sevilla | 1547301 | Córdoba | 358420 |
| Bilbao | 1042338 | Donostia/San Sebastián | 340726 |
| Málaga | 869096 | Marbella | 324547 |
| Zaragoza | 768643 | Oviedo | 308438 |
| Palma de Mallorca | 697433 | Xixón | 296556 |
| Murcia | 637616 | Vitoria-Gasteiz | 278719 |
| Palmas de Gran Canaria (Las) | 633944 | Elxe/Elx | 264823 |
| Granada | 566280 | Cádiz | 252633 |
| Vigo | 544135 | Cartaxena | 235027 |
| Santa Cruz de Tenerife | 515984 | Castellón de la Plana/Castelló de la Plana | 234996 |
| Alacante/Alacant | 470888 | Almería | 230488 |
| Valladolid | 423176 | Huelva | 229067 |

2. Indicadores Urbanos supramunicipais de Vigo

2.1 Resultados globais

Con base na Área Urbana Funcional definida para o concello de Vigo, a seguir móstranse os últimos resultados dos indicadores da Auditoría Urbana elaborado pola Oficina Europea de Estatística (Eurostat) da Unión Europea segundo datos de 1 de xaneiro de 2019.

2.1.1 Demografía

| Indicador | Valor |
|--|--------|
| Poboación residente | 544135 |
| Proporción de poboación de 0-14 anos | 13,13 |
| Proporción de poboación de 15-64 anos | 65,33 |
| Proporción de poboación ≥65 anos | 21,55 |
| Idade mediana da poboación | 45,62 |
| Proporción de nacionais sobre a poboación total | 95,92 |
| Proporción de nativos nacionais sobre a poboación total | 90,76 |
| Proporción de nados no estranxeiro sobre a poboación total | 9,24 |
| Proporción de estranxeiros sobre a poboación total | 4,08 |

⁷⁰⁾ 334887 habitantes.

⁷¹⁾ 325701 habitantes.

⁷²⁾ 298412 habitantes.

| Indicador | Valor |
|---|--------|
| Taxa bruta de natalidade | 7,53 |
| Taxa bruta de mortalidade | 9,47 |
| Número total de fogares | 209440 |
| Tamaño medio dos fogares | 2,58 |
| Proporción de fogares dunha persoa sobre o total de fogares | 27,25 |

2.1.2 Aspectos sociais

| Indicador | Valor |
|---|--------|
| Número de vivendas convencionais segundo o Cadastro | 259800 |
| Número de vivendas convencionais segundo o Censo | 269462 |
| Proporción de vivendas vacías | 13,88 |

2.1.3 Aspectos económicos

| Indicador | Vigo |
|--|----------|
| Taxa de desemprego | 14,47 |
| Proporción de ocupados entre 20-64 anos sobre a poboación activa | 85,47 |
| Taxa de actividade | 55,72 |
| Proporción de emprego en servizos (NACE Rev.2 G-U) | 71,85 |
| Proporción de emprego en industria (NACE Rev.2 B-E) | 19,66 |
| Renda neta media anual dos fogares | 29539 |
| Renda neta media anual por habitante | 11216,26 |
| Renda neta media anual por unidade de consumo | 16870,26 |

2.1.4 Superficie

| Indicador | Valor |
|------------------|---------|
| Superficie total | 1347,78 |

2.1.5 Formación e educación

| Indicador | Valor |
|---|-------|
| Proporción de nenos de 0-4 anos en garderías sobre a poboación de 0-4 anos | 65,41 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel educación ISCED 0, 1 ou 2 | 42,35 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 3 ou 4 | 20,2 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 5 ou 6 | 37,46 |

2.1.6 Viaxes e transporte

| Indicador | Valor |
|--|-------|
| Porcentaxe de viaxes ao traballo en coche | 53,63 |
| Porcentaxe de viaxes ao traballo a pé | 11,46 |
| Porcentaxe de viaxes ao traballo en transporte público | 8,84 |
| Duración media da viaxe ao traballo | 20,68 |

2.2 Evolución temporal

A seguir reflíctese a evolución temporal dos Indicadores Urbanos da Área Urbana Funcional de Vigo no período 2010-19. A serie de datos que se mostran foi elaborada pola Oficina Europea de Estatística (Eurostat) da Unión Europea.

2.2.1 Demografía

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|---|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|
| Poboación residente | 545842 | 547085 | 547208 | 546157 | 544291 | 543034 | 541884 | 541686 | 542277 | 544135 |
| Proporción de poboación de 0-14 anos | 13,12 | 13,23 | 13,37 | 13,47 | 13,52 | 13,54 | 13,48 | 13,43 | 13,35 | 13,13 |
| Proporción de poboación de 15-64 anos | 69,33 | 68,74 | 68,18 | 67,74 | 67,11 | 66,5 | 66,07 | 65,77 | 65,48 | 65,33 |
| Proporción de poboación ≥65 anos | 17,55 | 18,03 | 18,44 | 18,79 | 19,37 | 19,97 | 20,45 | 20,8 | 21,17 | 21,55 |
| Idade mediana da poboación | 41,14 | 41,61 | 42,09 | 42,62 | 43,13 | 43,65 | 44,19 | 44,68 | 45,15 | 45,62 |
| Proporción de nacionais sobre a poboación total | 95,27 | 95,25 | 95,15 | 95,32 | 95,87 | 96,16 | 96,35 | 96,4 | 96,23 | 95,92 |
| Proporción de nativos nacionais sobre a poboación total | 91,28 | 91,15 | 91,0 | 91,09 | 91,37 | 91,46 | 91,54 | 91,44 | 91,19 | 90,76 |
| Proporción de nados no estranxeiro sobre a poboación total | 8,72 | 8,85 | 9,0 | 8,91 | 8,63 | 8,54 | 8,46 | 8,56 | 8,81 | 9,24 |
| Proporción de estranxeiros sobre a poboación total | 4,73 | 4,75 | 4,85 | 4,68 | 4,13 | 3,84 | 3,65 | 3,6 | 3,77 | 4,08 |
| Taxa bruta de natalidade | 9,04 | 8,82 | 8,73 | 7,94 | 8,15 | 7,58 | 7,52 | 7,53 | | |
| Taxa bruta de mortalidade | 8,50 | 8,30 | 8,83 | 8,53 | 8,43 | 9,20 | 9,28 | 9,47 | | |
| Número total de fogares | 192092 | 195151 | 197514 | 198793 | 201021 | 203581 | 206916 | 206543 | 207178 | 209440 |
| Tamaño medio dos fogares (Número) | 2,83 | 2,79 | 2,75 | 2,73 | 2,69 | 2,66 | 2,65 | 2,60 | 2,60 | 2,58 |
| Proporción de fogares dunha persoa sobre o total de fogares | 23,78 | 24,36 | 24,74 | 25,07 | 25,52 | 26,07 | 26,39 | 26,69 | 26,76 | 27,25 |

2.2.2 Aspectos sociais

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|---|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|
| Número de vivendas convencionais segundo o Cadastro | 242558 | 247848 | 249847 | 251820 | 252808 | 254278 | 255585 | 257369 | 258567 | 259800 |
| Número de vivendas convencionais segundo o Censo (Número) | | 269462 | | | | | | | | |
| Proporción de vivendas vacías (Porcentaxe) | | 13,88 | | | | | | | | |

2.2.3 Aspectos económicos

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|---|-------|-------|-------|-------|-------|----------|----------|----------|-------|-------|
| Taxa de desemprego (Porcentaxe) | 18,47 | 20,98 | 24,58 | 24,76 | 24,69 | 22,39 | 19,28 | 18,64 | 16,18 | 14,47 |
| Proporción de ocupados entre 20-64 anos sobre a poboación activa (Porcentaxe) | 81,77 | 79,23 | 75,41 | 75,15 | 75,33 | 77,49 | 80,54 | 81,35 | 83,83 | 85,47 |
| Taxa de actividade (Porcentaxe) | 56,35 | 57,08 | 57,45 | 56,51 | 56,65 | 56,09 | 56,06 | 54,98 | 55,15 | 55,72 |
| Proporción de emprego en servizos (NACE Rev.2 G-U) (Porcentaxe) | 68,51 | 69,70 | 70,70 | 71,50 | 72,21 | 72,22 | 71,98 | 71,75 | 71,85 | |
| Proporción de emprego en industria (NACE Rev.2 B-E) (Porcentaxe) | 20,17 | 19,74 | 19,41 | 19,22 | 18,72 | 18,81 | 19,25 | 19,49 | 19,66 | |
| Renda neta media anual dos fogares (Euros) | | 29077 | 27676 | 27039 | 26446 | 28455 | 28815 | 29539 | | |
| Renda neta media anual por habitante (Euros) | | | | | | 10684,02 | 10831,44 | 11216,26 | | |
| Renda neta media anual por unidade de consumo (Euros) | | | | | | 16122,47 | 16335,71 | 16870,26 | | |

2.2.4 Superficie e uso do solo

| Indicador | 2011 | 2013 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|-------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Superficie total (Km ²) | 1348,00 | 1347,04 | 1347,04 | 1347,04 | 1347,04 | 1347,04 | 1347,78 |

2.2.5 Formación e educación

| Indicador | 2010 | 2011 | 2012 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|--|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Proporción de nenos de 0-4 anos en garderías sobre a poboación de 0-4 anos (Porcentaxe) | 26,82 | 50,58 | 51,90 | 61,85 | 64,56 | 64,92 | 65,87 | 65,41 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel educación ISCED 0, 1 ou 2 (Porcentaxe) | | 48,59 | | | | 45,36 | | 42,35 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 3 ou 4 (Porcentaxe) | | 20,03 | | | | 19,78 | | 20,20 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 5 ou 6 (Porcentaxe) | | 31,50 | | | | 34,86 | | 37,46 |

2.2.6 Viaxes e transporte

| Indicador | 2011 |
|---|-------|
| Porcentaxe de viaxes ao traballo en coche (Porcentaxe) | 53,63 |
| Porcentaxe de viaxes ao traballo a pé (Porcentaxe) | 11,46 |
| Porcentaxe de viaxes ao traballo en transporte público (Porcentaxe) | 8,84 |
| Duración media da viaxe ao traballo (Minutos) | 20,68 |

2.3 Análise da evolución temporal dos Indicadores Urbanos supramunicipais de Vigo

2.3.1 Demografía

Durante o período avaliado, comprendido entre 2010 e 2019 a poboación da AUF de Vigo experimenta unha diminución do 0,30%, ao pasar de 545842 a 544138 habitantes. A evolución foi desigual no período avaliado, con fases crecentes entre 2010-12 e 2017-19 e decrecentes entre 2013/12-2017/16.

Por tramos de poboación, mentres que entre 2010 e 2019 na AUF de Vigo se incrementou a proporción de poboación entre 15-64 anos (0,08%) e a de 65 ou máis anos (22,79%), a comprendida entre 15 e 64 anos caeu un 5,77%.

Porén, en canto o crecemento da faixa de poboación máis vella e a diminución da poboación entre 15-64 anos son constantes no período avaliado, a evolución experimentada pola faixa de poboación máis nova é irregular, cunha etapa crecente ata 2015/14, momento en que se torna decrecente, alcanzando o máximo do 1,65% entre 2019-18.

A idade mediana da poboación da AUF de Vigo experimentou un incremento do 10,89%, pasando de 41,14 anos en 2010 a 45,62 en 2019, con incrementos consecutivos no período avaliado.

No período avaliado produciuse un incremento do 0,68% na proporción de nacionais (do 95,27% ao 95,92%) mentres que a de estranxeiros sobre a poboación total diminuíu un 13,74% (do 4,73 ao 4,08%). Porén, foi positiva (5,96%) a proporción de nados no estranxeiro total contra a de nativos nacionais (-0,57%) sobre a poboación total.

Apesar de presentar unha tendencia crecente, a evolución da proporción de nacionais sobre a poboación total foi irregular, cun período decrecente entre 2010-12 e a partir de 2018/17. A maior caída da proporción de estranxeiros sobre a poboación total rexistrouse no período 2014/13 (-11,75%), 2015/14 (-7,02%) e 2016/15 (-4,95%), mostrando unha evolución positiva a partir de 2017 e un crecemento do 8,22% entre 2019-18.

Sobre a orixe dos nados, a partir de 2017/16 a proporción dos nados no estranxeiro mostra unha tendencia crecente mentres que a dos nativos nacionais é decrecente.

O crecemento vexetativo negativo da AUF viguesa é debido en grande parte a que, entre 2010 e 2017, a taxa bruta de mortalidade creceu un 11,41% (do 8,5 ao 9,47 por mil) mentres que a taxa bruta de natalidade caeu un 16,70% (do 9,04 ao 7,53 por mil). A taxa bruta de natalidade deixou de ser superior á de mortalidade no ano 2011. En 2017, último ano con disponibilidad de datos, a taxa de mortalidade (9,47) superaba á de natalidade (7,53) en 1,94 puntos.

No período avaliado a taxa bruta de natalidade experimentou a maior queda no período 2013/12 (-9,05%), con predominio dunha evolución negativa, salvo entre 2017/16 en que experimenta un crecemento de 0,13%. Polo contrario, a taxa bruta de mortalidade mostra predominio crecente, máis acentuado en 2015/14 (9,13%) até situarse no 2,05% entre 2017/16.

Relativamente aos fogares existentes na AUF, entre 2010 e 2019 incrementouse o seu número total (9,03%), ben como a proporción de fogares formados por unha só persoa (14,59%) mentres que diminuíu un 8,83% o número dos seus integrantes, ao pasar de 2,83 a 8,58 persoas.

2.3.2 Aspectos sociais

O número de vivendas convencionais segundo o Cadastro da AUF de Vigo incrementouse un 7,11% entre 2010 e 2019 ao pasar de 242558 a 258567. A tendencia é constante en todo o período, alcanzando o máximo (2,18%) entre 2011/10 e o mínimo de 0,39% entre 2014/13.

2.3.3 Aspectos económicos

A taxa de desemprego experimentou unha tendencia decrecente no período avaliado (-21,66%), pasando do 18,47% en 2010 a 14,47% en 2019. A evolución do desemprego presenta dúas tendencias, crecente entre 2010-13 e decrecente a partir de 2014. O ritmo de mitigación do desemprego foi crecente, pasando do 0,28 entre 2014/13 ao máximo de 13,89% en 2016/15, para situarse no 10,57% entre 2019/18.

A proporción de poboación ocupada entre 20 e 64 anos sobre a poboación activa experimentou un crecemento do 4,53% no período avaliado, ao pasar do 81,77% en 2010 ao 85,47% en 2019. A súa evolución foi decrecente entre 2010-13, adoptando unha tendencia crecente a partir de 2014, con máximos interanuais de 3,94% en 2016/15 e 3,05% en 2018/17.

Porén, a taxa de actividade baixou un 1,12% no período avaliado, pasando do 56,35% en 2010 ao 55,72% en 2019. Cunha evolución irregular, foi crecente entre 2010-12, 2014/13 e, máis recentemente, a partir de 2017.

Relativamente ao sector económico en que traballa a poboación activa da AUF, no período avaliado produciuse un incremento do 4,88% do emprego en servizos (do 68,51% en 2010 a 71,85% en 2018) e unha diminución do 2,53% do emprego na industria (do 20,17% ao 19,66% no mesmo período). O emprego no sector secundario mostra unha tendencia decrecente entre 2010-14, tornándose crecente a partir de 2015, cun incremento máximo do 2,34% entre 2016/15. A evolución crecente do emprego no sector servizos é máis regular, salvo as quedas do 0,33 e 0,32% experimentadas en 2016/15 e 2017/16, respectivamente.

Entre os anos 2011 e 2017 a renda neta media anual dos fogares da AUF de Vigo experimentou un crecemento do 1,59%, pasando de 29077€ a 29539€. Este nivel de renda presentou unha tendencia decrecente entre 2011-14, aumentando a partir de 2015, cun máximo do 7,60% no período 2015/14 e situándose en 2,51% entre 2017/16.

A renda neta media anual por habitante da AUF viguesa incrementouse un 4,98% entre 2017 e 2015, ao pasar de 10684,02 a 11216,26€, sendo maior a experimentada entre 2017/16 (3,55%) que en 2016/15 (1,38%).

A renda neta media anual por unidade de consumo creceu o 4,64% no mesmo período que a anterior, ao pasar de 16122,47 a 16870,26€. Como no caso anterior, o crecemento experimentado entre 2017/16 (3,27%) foi maior que entre 2016/15 (1,32%).

2.3.4 Formación e educación

A proporción de menores con menos de catro anos en garderías sobre a poboación infantil experimentou un crecemento extraordinario do 143,89%, ao pasar dunha cobertura do 26,82% en 2010 ao 65,41% en 2018. A maior parte dese crecemento deuse entre 2011/10 (88,59%). Porén, entre 2018/17 produciuse unha redución do 0,70%.

Relativamente aos outros niveis do ensino, na de poboación con idades de 25 a 64 anos, entre 2018 e 2011 o incremento foi máis alto nos niveis de formación superior (18,92%) que nos medios (0,85%). Polo contrario, nos niveis máis baixos produciuse unha diminución do 12,84%. Así sendo, a proporción de poboación dun nivel de formación ISCED 5 ou 6 pasou do 20,03% en 2011 a 37,46% en 2018, do 20,03% ao 20,20% o nivel ISCED 3 ou 4 e, finalmente, do 48,59% ao 42,35% o nivel ISCED 0, 1 ou 2.

2.4 Comparativa entre os Indicadores Urbanos supramunicipais e municipais de Vigo

A seguir realízase unha comparativa analítica entre os Indicadores Urbanos máis actualizados do Concello de Vigo e da Área Urbana Funcional de Vigo.

2.4.1 Indicadores Urbanos sobre demografía

O Cadro nº8 mostra a comparativa dos Indicadores Urbanos demográficos entre o concello e a AUF de Vigo.

Cadro nº8: Indicadores Urbanos demográficos

| Indicador | Vigo | AUF Vigo |
|---|--------|----------|
| Poboación residente | 295364 | 544135 |
| Proporción de poboación de 0-14 anos | 12,8 | 13,1 |
| Proporción de poboación de 15-64 anos | 64,8 | 65,3 |
| Proporción de poboación ≥65 anos | 22,4 | 21,5 |
| Idade mediana da poboación | 46,1 | 45,6 |
| Proporción de nacionais sobre a poboación total | 95,1 | 95,9 |
| Proporción de nativos nacionais sobre a poboación total | 88,9 | 90,8 |
| Proporción de nados no estranxeiro sobre a poboación total | 11,1 | 9,2 |
| Proporción de estranxeiros sobre a poboación total | 4,9 | 4,1 |
| Taxa bruta de natalidade | 7,1 | 7,53 |
| Taxa bruta de mortalidade | 9,29 | 9,47 |
| Número total de fogares | 112897 | 209440 |
| Tamaño medio dos fogares | 2,6 | 2,6 |
| Proporción de fogares dunha persoa sobre o total de fogares | 26,8 | 27,2 |

O concello de Vigo concentra a maioría (54,3%) da poboación residente na Área Urbana Funcional de Vigo, que agrupa 544135 habitantes. Na AUF de Vigo reside o 20,1% da poboación galega e o 57,8% da provincia de Pontevedra.

O concello de Vigo presenta un perfil de poboación máis vello que o conxunto da súa AUF, sendo superior o peso da poboación de 65 ou máis anos, unha maior idade mediana e menos proporción de poboación comprendida entre 0 e 14 anos e entre 15 e 64 anos.

Porén, o concello de Vigo presenta unha maior proporción de estranxeiros (4,9%) e de nados no estranxeiro (11,1%) sobre a poboación total que a AUF (4,1% e 9,2%, respectivamente).

As taxas brutas de natalidade e mortalidade do concello de Vigo (7,1 e 9,29 por mil, respectivamente) tamén son inferiores ás do conxunto da AUF.

Segundo o número total de fogares, o concello de Vigo concentra a maioría (53,9%) da AUF, con idéntico tamaño medio e cunha proporción de fogares constituídos por unha só persoa levemente inferior (26,8%) á do conxunto da AUF (27,2%).

2.4.2 Indicadores Urbanos sobre aspectos sociais

O Cadro nº9 mostra a comparativa dos Indicadores Urbanos sobre aspectos sociais entre o concello e a AUF de Vigo.

Cadro nº9: Indicadores Urbanos sobre aspectos sociais

| Indicador | Vigo | AUF Vigo |
|---|--------|----------|
| Número de vivendas convencionais segundo o Cadastro | 135386 | 259800 |
| Número de vivendas convencionais segundo o Censo | 143579 | 269462 |
| Proporción de vivendas vacías | 12,95 | 13,88 |

En relación aos indicadores do número de vivendas convencionais, quer segundo o Cadastro, quer segundo o Censo, o concello de Vigo representa a maioría dos existentes na AUF (52,1% e 53,3%, respectivamente).

A proporción de vivendas vacías é máis alta no conxunto da AUF (27,2%) que no concello de Vigo (26,8%).

2.4.3 Indicadores Urbanos sobre aspectos económicos

O Cadro nº10 mostra a comparativa dos Indicadores Urbanos sobre aspectos económicos entre o concello e a AUF de Vigo.

Cadro nº10: Indicadores Urbanos sobre aspectos económicos

| Indicador | Vigo | AUF Vigo |
|--|----------|----------|
| Taxa de desemprego | 15,0 | 14,5 |
| Proporción de ocupados entre 20-64 anos sobre a poboación activa | 84,9 | 85,5 |
| Taxa de actividade | 55,1 | 55,7 |
| Proporción de emprego en servizos (NACE Rev.2 G-U) | 77,94 | 71,8 |
| Proporción de emprego en industria (NACE Rev.2 B-E) | 15,9 | 19,7 |
| Renda neta media anual dos fogares | 31827,32 | 29539,00 |
| Renda neta media anual por habitante | 12082,99 | 11216,26 |
| Renda neta media anual por unidade de consumo | 18158,88 | 16870,26 |

Sen diferenzas estatisticamente significativas, a taxa de desemprego do concello de Vigo (15,0%) é levemente superior á da AUF (14,5%). En consecuencia, tanto a proporción de ocupados entre 20 e 64 anos sobre a poboación activa como a taxa de actividade da AUF é levemente superior á municipal viguesa.

O concello de Vigo presenta unha proporción de emprego no sector terciario (77,94%) superior á da AUF (71,8%). Polo contrario, a proporción do emprego no sector secundario da AUF (19,7%) supera á da cidade de Vigo (15,9%).

En termos de renda neta media anual, a poboación do concello de Vigo é superior a da AUF: 7,75% dos fogares (2288,32€ máis), 7,73% por habitante (866,73€ máis) e 7,64% a respecto da unidade de consumo (1288,62€ máis).

2.4.4 Indicadores Urbanos de superficie

O Cadro nº11 mostra a comparativa dos Indicadores Urbanos de superficie entre o concello e a AUF viguesa.

Cadro nº11: Indicadores Urbanos sobre superficie

| Indicador | Vigo | AUF Vigo |
|------------------|------|----------|
| Superficie total | 105 | 1347,78 |

A superficie municipal de Vigo representa o 7,8% da extensión da AUF. En termos de densidade de poboación, a viguesa (2812,99 hab/km²) máis que sextuplica (6,42) á do resto de concellos que integran a AUF viguesa (437,84 hab/km²).

2.4.5 Indicadores Urbanos sobre formación e educación

O Cadro nº12 mostra a comparativa dos Indicadores Urbanos sobre formación e educación entre o concello e a AUF de Vigo.

Cadro nº12: Indicadores Urbanos sobre formación e educación

| Indicador | Vigo | AUF Vigo |
|---|-------|----------|
| Proporción de nenos de 0-4 anos en garderías sobre a poboación de 0-4 anos | 65,88 | 65,41 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel educación ISCED 0, 1 ou 2 | 34,72 | 42,35 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 3 ou 4 | 21,09 | 20,2 |
| Proporción de poboación entre 25-64 anos con máximo nivel de educación ISCED 5 ou 6 | 44,2 | 37,46 |

A proporción de menores con idades entre 0 e 4 anos en garderías sobre a poboación total desta faixa etaria no concello de Vigo é levemente superior (65,88%) á existente no conxunto da AUF (65,41%).

En termos de nivel formativo, é máis elevada poboación do concello de Vigo con estudos superiores (44,20% contra 37,46% da AUF) e de nivel medio (21,09% contra 20,20%). Porén, na AUF é máis elevada a proporción de habitantes cun nivel inferior formativo (42,35% contra o 34,72% de Vigo).

2.4.6 Indicadores Urbanos sobre viaxes e transporte

O Cadro nº13 mostra a comparativa dos Indicadores Urbanos sobre formación e educación entre o concello e a AUF de Vigo.

Cadro nº13: Indicadores Urbanos sobre viaxes e transporte

| Indicador | Vigo | AUF Vigo |
|--|-------|----------|
| Porcentaxe de viaxes ao traballo en coche | 50,15 | 53,63 |
| Porcentaxe de viaxes ao traballo a pé | 14,58 | 11,46 |
| Porcentaxe de viaxes ao traballo en transporte público | 10,49 | 8,84 |
| Duración media da viaxe ao traballo | 19,67 | 20,68 |

En relación á mobilidade, a poboación municipal de Vigo presenta unha maior proporción de hábitos sustentábeis ao realizar en maior proporción as viaxes por motivos laborais tanto a pé (14,58%) como no transporte público (10,49%). No conxunto da AUF é máis alta a porcentaxe de viaxes laborais en automóbil privado (53,63% contra o 50,15% de Vigo), superando tamén a súa duración media (20,68 minutos contra os 19,67 minutos de Vigo).

PARTE III

ÁMBITO SUBMUNICIPAL DE VIGO

1. Organización submunicipal de Vigo

1.1 Divisións administrativas

O territorio municipal de Vigo conta cunha extensión de 109,06 km²⁷³ e unha poboación de 295364 habitantes. A densidade de poboación municipal sitúase en 2706 hab/km², aínda que no casco urbano esta vese incrementada notabelmente (24416 hab/km²).

A maioría da poboación está empadroada no núcleo urbano (denominado Vigo Centro) no que prima a división administrativa baseada nos barrios. O resto da poboación repártese nas 17 parroquias periurbanas que conforman o resto do termo municipal, onde a división tradicional en parroquias civís, formadas por aldeas e lugares, segue a estar moi vixente. As Illas Cíes, cunha superficie de 4,4636 km², completan o termo municipal de Vigo.

1.1.1 Parroquial civil

No concello de Vigo existen 18 parroquias civís, resultantes das transformacións, operadas polas reformas administrativas dos séculos XVIII e XIX, de relixiosos nas unidades civís. Unha parroquia civil é unha división administrativa censal, con orixe nas parroquias eclesiásticas, recoñecida en Galicia como entidade colectiva de poboación de rango inferior ao concello.

As parroquias do Concello de Vigo⁷⁴ son Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saiáns, Sárdoma, Teis, Valadares e Zamáns. Bouzas⁷⁵, Coia⁷⁶, Freixeiro⁷⁷, San Paio e San Xoán do Monte non son parroquias administrativas do concello pero pola súa tradición histórica son referidas nesta sección.

O Cadro nº14 mostra a distribución parroquial e de poboación do concello de Vigo no ano 2019. A Figura nº9 mostra o mapa das parroquias administrativas integrantes do Concello de Vigo. A Figura nº10 mostra o mapa da distribución das parroquias integrantes do concello de Vigo incluíndo Coia, Bouzas e Santo Tomé de Freixeiro.

As parroquias de Vigo, como o resto de Galicia, non teñen funcionarios electos nen atribucións competenciais específicas en materia de estradas locais, educación infantil, parques e cemiterios. Porén, a parroquia de Bembrive conta cun status particular de Entidade Local Menor, constituída o 12 de xuño de 1945. A entidade está rexida por un alcalde pedáneo e catro vogais. Mentres que o alcalde é eleito nas eleccións municipais de forma diferenciada, a elección dos vogais é resultado dos votos obtidos polas candidaturas no ámbito parroquial. As vogalías están dedicadas aos ámbitos competenciais en que a Entidade Local Menor ten autonomía: Monte, Relacións cidadás, Urbanismo e Obras e servizos.

⁷³ Incluída a superficie das Illas Cíes.

⁷⁴ [Consult. 25-11-2020] <https://hoxe.vigo.org/conecenos/parroquias.php?lang=gal#/>

⁷⁵ Cunha superficie de 1,45km² e unha poboación de 12491 habitantes (censo Vigo 05/2017).

⁷⁶ Cunha superficie de 2,06km² e unha poboación de 36811 habitantes (censo Vigo 05/2017).

⁷⁷ Porén, a efectos estatísticos, o IGE considera como parroquia administrativa Santo Tomé de Freixeiro, cunha superficie de 0,79km², imputando unha poboación de 5952 habitantes no ano 2019 (2859 homes e 3093 mulleres).

Cadro nº14: Distribución parroquial e de poboación do concello de Vigo

| Nome | Total | Superficie |
|----------------------------|----------------------|------------|
| Alcabre (Santa Baia) | 4241 | 1,98 |
| Beade (Santo Estevo) | 5322 | 7,33 |
| Bembrive (Santiago) | 4343 | 8,97 |
| Cabral (Santa Mariña) | 6581 | 9,33 |
| Candeán (San Cristovo) | 4639 | 6,04 |
| Castrelos (Santa María) | 7987 | 3,08 |
| Comesaña (Santo André) | 6513 | 3,03 |
| Coruxo (San Salvador) | 5289 | 8,15 |
| Lavadores (Santa Cristina) | 17522 | 7,76 |
| Matamá (San Pedro) | 3716 | 4,37 |
| Navia (San Paio) | 6152 | 2,24 |
| Oia (San Miguel) | 3848 | 4,69 |
| Sárdoma (San Pedro) | 2389 | 2,62 |
| Saiáns (San Xurxo) | 1166 | 2,28 |
| Teis (San Salvador) | 2404 | 5,41 |
| Valadares (Santo André) | 5357 | 11,7 |
| Zamáns (San Mamede) | 839 | 7,67 |
| Vigo | 207056 ⁷⁸ | 8,48 |
| Total | 295364 | 105,13 |

Figura nº9: Mapa das parroquias administrativas integrantes do Concello de Vigo (fonte: Concello de Vigo)



⁷⁸⁾ As Illas Cíes teñen unha poboación de 4 habitantes.

Figura nº10: Distribución das parroquias integrantes do concello de Vigo (fonte: Memoria resumo correspondente á revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, 2017)



Figura nº11: Distribución das parroquias integrantes do concello de Vigo segundo os criterios do IGE (fonte: creación propia a partir do proxecto IET- Xunta de Galicia Import-Parishes pertencente á base de datos do OSM)




1.1.2 Parroquial eclesiástico

Alén das parroquias administrativas, o núcleo urbano de Vigo está conformado por 30 parroquias relixiosas. A Figura nº12 inclúe o mapa das parroquias eclesiásticas integrantes do Concello de Vigo.

- | | |
|-----------------------------------|---------------------------------------|
| 1. Santa María de Vigo | 16. San Paulo (Lavadores) |
| 2. Santiago de Vigo | 17. A Paz (Lavadores) |
| 3. A Divina Pastora | 18. San Xosé Obreiro |
| 4. San Xoán de Ávila | 19. O Corazón de María |
| 5. María Auxiliadora | 20. O Castro (Nosa Señora da Soidade) |
| 6. San Francisco do Berbés | 21. Santa Lucía da Salgueira |
| 7. A Sagrada Familia | 22. O Carme |
| 8. O Santo Cura de Ars (Teis) | 23. O Perpetuo Socorro (Coia) |
| 9. San Francisco Xavier (Teis) | 24. San Martiño (Coia) |
| 10. San Inacio de Loiola (Teis) | 25. Bouzas (San Miguel) |
| 11. Nosa Señora das Neves (Teis) | 26. O Rocío (Coia) |
| 12. San Xoán do Monte (Lavadores) | 27. O Cristo da Vitoria (Coia) |
| 13. A Inmaculada (Lavadores) | 28. A Florida-Santo Antonio (Coia) |
| 14. Fátima | 29. Santa Marta de Balaídos |
| 15. O Corazón de Xesús | 30. Freixeiro (Santo Tomé) |

Figura nº12: Mapa das parroquias eclesiásticas integrantes do Concello de Vigo



1.2 Poboación das parroquias civís do concello de Vigo

No Nomenclátor estatístico de Galicia, elaborado polo IGE, recolle unha relación detallada das entidades e núcleos de poboación coa súa poboación a 1 de xaneiro de cada ano. A poboación dos concellos está distribuída nas diferentes entidades singulares, entidades que á súa vez se poden agrupar ou non en parroquias.

Nalgúns concellos hai entidades singulares (que polo xeral dan nome á zona urbana do concello) que non están agrupadas en parroquias. Por exemplo, o concello de Vigo está constituído por dúas entidades singulares de poboación (Cíes e Vigo) e por 18 entidades colectivas que agrupan a súa vez ao resto de entidades singulares do concello. Cada entidade singular pode estar constituída por ningún, un ou máis núcleos de poboación.

Este apartado mostra a distribución, por lugares, da poboación⁷⁹ das parroquias integrantes do concello de Vigo.

Alcabre

| Lugar | Poboación |
|--------------------|-----------|
| Ameixeira (a) | 111 |
| Barreiro | 788 |
| Carregal (o) | 336 |
| Castañal (o) | 92 |
| Cruceiro (o) | 58 |
| Fonte (a) | 358 |
| Fontes | 54 |
| Forte | 46 |
| Garita | 71 |
| Igrexa (a) | 501 |
| Millareira (a) | 64 |
| Montana | 96 |
| Muíño do Vento (o) | 102 |
| Pardaíña (a) | 5 |
| Pertegueiras (as) | 60 |
| Roade | 864 |
| Robaleira (a) | 74 |
| Sobreira (a) | 173 |
| Turido | 95 |
| Veiguiña (a) | 164 |
| Viña Grande | 129 |
| Total | 4241 |

Beade

| Lugar | Poboación |
|----------------------|-----------|
| Abalde | 362 |
| Babío | 1201 |
| Carballo do Pazo (o) | 646 |
| Coutadas (as) | 633 |
| Gándara (a) | 478 |
| Pena (a) | 359 |
| Porto (o) | 436 |
| Saa | 1207 |
| Total | 5322 |

⁷⁹⁾ Datos do IGE a 1 de xaneiro de 2019.

Bembrive

| Lugar | Poboación |
|---------------|-----------|
| Arieiro (o) | 615 |
| Buraxáns | 482 |
| Carballal (o) | 354 |
| Chans (as) | 279 |
| Eifonso | 45 |
| Freires (os) | 275 |
| Mosteiro | 524 |
| Mourelle | 225 |
| Mouteira (a) | 90 |
| Outeiro (o) | 244 |
| Recaré | 267 |
| San Cibrán | 136 |
| Segade | 295 |
| Xesteira (a) | 125 |
| Xestoso | 387 |
| Total | 4343 |

Cabral

| Lugar | Poboación |
|----------------|-----------|
| Alza | 328 |
| Ameal | 140 |
| Becerreira | 644 |
| Caeiro (o) | 513 |
| Carballal (o) | 440 |
| Casal (o) | 82 |
| Cernades | 211 |
| Feira (a) | 375 |
| Figueiras (as) | 64 |
| Fontiñas (as) | 740 |
| Gorxal (o) | 195 |
| Igrexa (a) | 200 |
| Maceiriña | 173 |
| Molares | 101 |
| Nogueira | 346 |
| Parada | 141 |
| Peinador | 83 |
| Penís (a) | 1175 |
| Requeixo | 112 |
| Retorta (a) | 47 |
| Rinxela | 84 |
| Sello (o) | 330 |
| Vesada | 57 |
| Total | 6581 |

Candeán

| Lugar | Poboación |
|-------------------|-----------|
| Candeán de Arriba | 651 |
| Devesa (a) | 863 |
| Ermide | 115 |
| Fonte Escura (a) | 1188 |
| Freiría | 84 |
| Goleta | 28 |
| Igrexa (a) | 420 |
| Monte Pequeño | 361 |
| Parachán | 398 |
| Rabadeira (a) | 461 |
| Salgueiro (o) | 60 |
| Vesada | 10 |
| Total | 4639 |

Castrelos

| Lugar | Poboación |
|-----------------|-----------|
| Castreliños | 88 |
| Chantada (a) | 442 |
| Costa (a) | 178 |
| Falcoa (a) | 709 |
| Galindra (a) | 127 |
| Macal | 309 |
| Pardarilla | 180 |
| Pazó | 498 |
| Pereiró | 3834 |
| Portoloureiro | 249 |
| Pousa | 68 |
| Pousa de Abaixo | 132 |
| Ribadavia | 186 |
| Telleira (a) | 546 |
| Total | 7987 |
| Viloura | 441 |

Comesaña

| Lugar | Poboación |
|----------------|-----------|
| Casás | 501 |
| Cocheiros (os) | 184 |
| Comesaña | 160 |
| Eidos (os) | 80 |
| Igrexa (a) | 59 |
| Muiños (os) | 63 |
| Pazo (o) | 106 |
| Pedra Branca | 172 |

| Lugar | Poboación |
|-------------------|-----------|
| Pedreira (a) | 79 |
| Pereiras (as) | 66 |
| Ponte (a) | 4714 |
| Rodeira | 68 |
| Romeu | 139 |
| Sanín | 15 |
| Tombo (o) | 74 |
| Viña da Veiga (a) | 33 |
| Total | 6513 |

Coruxo

| Lugar | Poboación |
|------------------|-----------|
| Abade | 63 |
| Bouzós (os) | 85 |
| Breadouro | 144 |
| Burdés | 35 |
| Calzada (a) | 142 |
| Carballal (o) | 67 |
| Carrasqueira (a) | 711 |
| Ceán (o) | 102 |
| Combro (o) | 308 |
| Cotarelo (o) | 61 |
| Couto de Abaixo | 129 |
| Couto de Arriba | 178 |
| Fontela | 225 |
| Fragoselo | 478 |
| Gándara (a) | 98 |
| Gato (o) | 98 |
| Igrexa (a) | 162 |
| Laxes (as) | 100 |
| Longra (a) | 59 |
| Luz (a) | 112 |
| Melcas | 102 |
| Moláns | 157 |
| Muíños | 37 |
| Parrocha (a) | 127 |
| Pedreira (a) | 23 |
| Quintas (as) | 38 |
| Río (o) | 70 |
| Romeu | 82 |
| Roteas (as) | 219 |
| Rozo (o) | 111 |
| San Lourenzo | 71 |
| Silveira (a) | 228 |
| Taberna (a) | 14 |
| Tarrío | 163 |
| Tintureira (a) | 135 |

| Lugar | Poboación |
|-----------------|-----------|
| Toralla | 136 |
| Torre (a) | 74 |
| Torre de Abaixo | 17 |
| Verdeal (o) | 87 |
| Viñó | 41 |
| Total | 5289 |

Freixeiro

| Lugar | Poboación |
|-----------|-----------|
| Freixeiro | 2816 |
| Mantelas | 1407 |
| Riobó | 554 |
| Salgueira | 1175 |
| Total | 5952 |

Lavadores

| Lugar | Poboación |
|--------------------|-----------|
| Bagunda (a) | 2255 |
| Barreiro | 2161 |
| Bouciña (a) | 1572 |
| Ceboleira (a) | 2496 |
| Cordeira | 353 |
| Curros | 465 |
| Gandariña | 322 |
| Gandarón | 38 |
| Naia | 495 |
| Pardavila | 4922 |
| Piñeiro (o) | 250 |
| Sabaxáns | 658 |
| San Paio de Abaixo | 948 |
| Subride | 258 |
| Vilar | 329 |
| Total | 17522 |

Matamá

| Lugar | Poboación |
|----------------|-----------|
| Balsa | 293 |
| Balvís | 82 |
| Barxa (a) | 78 |
| Beirán | 396 |
| Campos | 126 |
| Carapucha (a) | 192 |
| Carneiras (as) | 295 |
| Castro (o) | 58 |

| Lugar | Poboación |
|---------------|-----------|
| Devesa (a) | 195 |
| Igrexa (a) | 103 |
| Lagarella (a) | 140 |
| Mó (a) | 233 |
| Outeiro (o) | 182 |
| Parada | 127 |
| Pazo (o) | 156 |
| Pereiró | 50 |
| Revolta (a) | 109 |
| Ribás | 269 |
| Ribelas | 226 |
| Roupeiro (o) | 120 |
| Sabarís | 38 |
| San Amaro | 136 |
| Vilar | 112 |
| Zona Franca | 0 |
| Total | 3716 |

Navia

| Lugar | Poboación |
|-------------------|-----------|
| Devesa (a) | 304 |
| Gándara (a) | 169 |
| Goberna | 29 |
| Pereiras (as) | 471 |
| Pertegueiras (as) | 99 |
| Quintela | 92 |
| Redondo (o) | 447 |
| Samil | 175 |
| Tomada (a) | 154 |
| Torre (a) | 105 |
| Xuncal (o) | 4107 |
| Total | 6152 |

Oia

| Lugar | Poboación |
|--------------|-----------|
| Amariz | 31 |
| Bouzo (o) | 138 |
| Cabo Estai | 136 |
| Canido | 207 |
| Cerqueiro | 27 |
| Cruceiro (o) | 60 |
| Currás | 68 |
| Eiras (as) | 57 |
| Ermida (a) | 175 |
| Estación | 201 |

| Lugar | Poboación |
|---------------------|-----------|
| Estea (a) | 83 |
| Esteriz | 137 |
| Estomada (a) | 74 |
| Estrada Cortada | 214 |
| Figueiras (as) | 168 |
| Gontade | 143 |
| Grades (as) | 124 |
| Igrexa (a) | 79 |
| Lantexa | 41 |
| Lavandeira (a) | 89 |
| Liñares (os) | 71 |
| Loureiro (o) | 107 |
| Matoca (a) | 100 |
| Mide | 290 |
| Oia | 93 |
| Outeiro (o) | 89 |
| Poza (a) | 61 |
| Rochas (as) | 56 |
| Rozo (o) | 157 |
| Senra de Abaixo (a) | 87 |
| Senra de Arriba (a) | 111 |
| Silval (o) | 68 |
| Sistro (o) | 127 |
| Toucido (o) | 51 |
| Toxal (o) | 29 |
| Verdella (a) | 99 |
| Total | 3848 |

Saiáns

| Lugar | Poboación |
|-------------------|-----------|
| Aral | 33 |
| Borreiros | 11 |
| Budiasas (os) | 5 |
| Cachada (a) | 13 |
| Cal do Outeiro | 104 |
| Capela (a) | 51 |
| Carballido | 20 |
| Castañal (o) | 56 |
| Corveira (a) | 62 |
| Cova da Barxa (a) | 21 |
| Cova da Becha (a) | 36 |
| Devesa (a) | 16 |
| Domeira | 36 |
| Estea (a) | 21 |
| Fontán | 82 |
| Fortiñón | 56 |

| Lugar | Poboación |
|----------------|-----------|
| Gándara (a) | 62 |
| Garcías | 47 |
| Gondufe | 63 |
| Hortas (as) | 34 |
| Miserela | 14 |
| Orxás | 54 |
| Pinal (o) | 8 |
| Portiño (o) | 54 |
| Radio Costeira | 0 |
| San Xurxo | 37 |
| Souto (o) | 20 |
| Tomada (a) | 73 |
| Vilaverde | 46 |
| Volta (a) | 31 |
| Total | 1166 |

Sárdoma

| Lugar | Poboación |
|-------------|-----------|
| Fragosiño | 67 |
| Lameiro (o) | 170 |
| Laxe | 556 |
| Marco (o) | 66 |
| Moledo | 282 |
| Outeiro (o) | 110 |
| Pescadeira | 71 |
| Raviso (o) | 1044 |
| Relfas | 23 |
| Total | 2389 |

Teis

| Lugar | Poboación |
|--------------|-----------|
| Mouta (a) | 570 |
| Paradela (a) | 305 |
| Paraixal (a) | 405 |
| Presa (a) | 181 |
| Pugariño (o) | 169 |
| Roris | 774 |
| Total | 2404 |

Valadares

| Lugar | Poboación |
|---------------|-----------|
| Barrocas (as) | 710 |
| Canizo | 210 |
| Freixo (o) | 488 |
| Gándara (a) | 347 |
| Garrida (a) | 1241 |
| Igrexa (a) | 702 |
| Portal (o) | 642 |
| Seoane | 195 |
| Sobreira (a) | 410 |
| Total | 5357 |

Zamáns

| Lugar | Poboación |
|------------|-----------|
| Cidáns | 168 |
| Igrexa (a) | 194 |
| Marcosende | 331 |
| Total | 839 |
| Vilaverde | 146 |

1.2.1 Núcleos con poboación superior a 500 habitantes

Segundo os datos fornecidos polo IGE, a seguir móstranse os núcleos de poboación do concello de Vigo con máis de 500 habitantes.

Cadro nº15: Núcleos de poboación con máis de 500 habitantes

| Núcleo/lugar | Parroquia | Poboación |
|------------------|-----------|-----------|
| Pardavila | Lavadores | 4922 |
| Ponte (a) | Comesaña | 4714 |
| Xuncal (o) | Navia | 4107 |
| Pereiró | Castrelos | 3834 |
| Freixeiro | Freixeiro | 2816 |
| Ceboleira (a) | Lavadores | 2496 |
| Bagunda (a) | Lavadores | 2255 |
| Barreiro | Lavadores | 2161 |
| Bouciña (a) | Lavadores | 1572 |
| Mantelas | Freixeiro | 1407 |
| Garrida (a) | Valadares | 1241 |
| Saa | Beade | 1207 |
| Babío | Beade | 1201 |
| Fonte Escura (a) | Candeán | 1188 |
| Penís (a) | Cabral | 1175 |
| Salgueira | Freixeiro | 1175 |
| Raviso (o) | Sárdoma | 1044 |

| Núcleo/lugar | Parroquia | Poboación |
|----------------------|-----------|-----------|
| San Paio de Abaixo | Lavadores | 948 |
| Roade | Alcabre | 864 |
| Devesa (a) | Candeán | 863 |
| Barreiro | Alcabre | 788 |
| Rorís | Teis | 774 |
| Fontiñas (as) | Cabral | 740 |
| Carrasqueira (a) | Coruxo | 711 |
| Barrocas (as) | Valadares | 710 |
| Falcoa (a) | Castrelos | 709 |
| Igrexa (a) | Valadares | 702 |
| Sabaxáns | Lavadores | 658 |
| Candeán de Arriba | Candeán | 651 |
| Carballo do Pazo (o) | Beade | 646 |
| Becerreira | Cabral | 644 |
| Portal (o) | Valadares | 642 |
| Coutadas (as) | Beade | 633 |
| Arieiro (o) | Bembrive | 615 |
| Mouta (a) | Teis | 570 |
| Laxe | Sárdoma | 556 |
| Riobó | Freixeiro | 554 |
| Telleira (a) | Castrelos | 546 |
| Mosteiro | Bembrive | 524 |
| Caeiro (o) | Cabral | 513 |
| A Igrexa | Alcabre | 501 |
| Casás | Comesaña | 501 |

1.2.2 Evolución da poboación das divisións administrativas

O seguinte cadro mostra os datos censais da evolución da poboación experimentada polas parroquias e núcleo urbano vigués no período 2010-19, con indicación, a efectos valorativos, da poboación a 1 de xaneiro de 2000.

Cadro nº16: Evolución anual da poboación das divisións administrativas de Vigo

| Parroquia | 2000 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|-----------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Alcabre | 2407 | 3530 | 3556 | 3560 | 3673 | 3822 | 3895 | 3998 | 4031 | 4171 | 4241 |
| Beade | 5403 | 5470 | 5447 | 5437 | 5409 | 5377 | 5365 | 5303 | 5296 | 5309 | 5322 |
| Bembrive | 3948 | 4362 | 4402 | 4413 | 4427 | 4425 | 4361 | 4323 | 4298 | 4332 | 4343 |
| Cabral | 6879 | 6786 | 6800 | 6759 | 6683 | 6680 | 6669 | 6622 | 6594 | 6544 | 6581 |
| Candeán | 4567 | 4846 | 4857 | 4884 | 4860 | 4789 | 4739 | 4689 | 4688 | 4653 | 4639 |
| Castrelos | 7914 | 8002 | 8047 | 7995 | 8006 | 7996 | 7989 | 7936 | 7948 | 7932 | 7987 |
| Comesaña | 2690 | 4593 | 5138 | 5811 | 5905 | 6134 | 6219 | 6311 | 6364 | 6486 | 6513 |
| Coruxo | 5201 | 5308 | 5261 | 5349 | 5343 | 5301 | 5296 | 5336 | 5338 | 5310 | 5289 |
| Lavadores | 16485 | 17844 | 17984 | 17956 | 17878 | 17669 | 17587 | 17490 | 17484 | 17468 | 17522 |
| Matamá | 4233 | 3939 | 3921 | 3868 | 3880 | 3831 | 3801 | 3809 | 3784 | 3711 | 3716 |
| Navia | 2090 | 3960 | 4395 | 5205 | 5458 | 5584 | 5721 | 5871 | 6026 | 6074 | 6152 |
| Oia | 3701 | 4020 | 4015 | 3972 | 3981 | 3988 | 3948 | 3920 | 3919 | 3859 | 3848 |
| Sárdoma | 2004 | 2219 | 2254 | 2303 | 2353 | 2357 | 2417 | 2402 | 2404 | 2390 | 2389 |

| Parroquia | 2000 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|------------------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|
| Saiáns | 1070 | 1156 | 1159 | 1153 | 1168 | 1191 | 1188 | 1204 | 1190 | 1177 | 1166 |
| Teis | 2397 | 2273 | 2229 | 2453 | 2714 | 2864 | 3016 | 2843 | 2628 | 2486 | 2404 |
| Valadares | 5328 | 5406 | 5387 | 5356 | 5361 | 5391 | 5403 | 5391 | 5354 | 5397 | 5357 |
| Zamáns | 742 | 834 | 840 | 842 | 834 | 828 | 842 | 831 | 821 | 819 | 839 |
| Total parroquial | 77059 | 84548 | 85692 | 87316 | 87933 | 88227 | 88456 | 88279 | 88167 | 88118 | 88308 |
| Vigo Centro | 181467 | 212576 | 211549 | 210039 | 208546 | 206770 | 205642 | 204538 | 204819 | 205524 | 207056 |
| Concello | 258526 | 297124 | 297241 | 297355 | 296479 | 294997 | 294098 | 292817 | 292986 | 293642 | 295364 |

Máis concretamente, o seguinte cadro mostra a porcentaxe da evolución da poboación producida nos períodos 2010-19 e 2000-19.

Cadro nº17: Evolución da poboación das divisións administrativas 2000/19 e 2010/19

| División administrativa | 2010-19 | 2000-19 |
|-------------------------|---------|---------|
| Alcabre | +20,1 | +76,2 |
| Beade | -2,7 | -1,5 |
| Bembrive | -0,4 | +10,0 |
| Cabral | -3,0 | -4,3 |
| Candeán | -4,3 | +1,6 |
| Castrelos | -0,2 | +0,9 |
| Comesaña | +41,8 | +142,1 |
| Coruxo | -0,4 | +1,7 |
| Lavadores | -1,8 | +6,3 |
| Matamá | -5,7 | -12,2 |
| Navia | +55,4 | +194,4 |
| Oia | -4,3 | +4,0 |
| Sárdoma | +7,7 | +19,2 |
| Saiáns | +0,9 | +9,0 |
| Teis | +5,8 | +0,3 |
| Valadares | -0,9 | +0,5 |
| Zamáns | +0,6 | +13,1 |
| Total parroquial | +4,4 | +14,6 |
| Vigo Centro | -2,6 | +14,1 |
| Concello | -0,6 | +14,2 |

As columnas da dereita representan co signo positivo (+) as parroquias onde a poboación aumentou e, co signo negativo (-) as parroquias onde a poboación diminuíu nos dous períodos avaliados 2010-2019 e 2000-2019.

No período 2010-19 destaca o incremento significativo de poboación nas parroquias de Navia (+55,4%), Comesaña (+41,9%) e Alcabre (+20,1%) contra o Vigo Centro, que experimentou unha diminución de 2,6%.

O incremento anormal detectado nas parroquias de Navia, Comesaña e Alcabre resulta aínda máis extraordinario se considerarmos o período 2000-19⁸⁰ debido á ocupación, mormente no período 2007-12, do Plan Parcial de Navia, coñecido como PAU de Navia, que ocupa a superficie desas tres parroquias.

⁸⁰ Incrementos do 194,4%, 142,1% e 76,2%, respectivamente.

1.2.3 PAU de Navia

O Plan Parcial de Navia é un complexo urbanístico situado ao Oeste da cidade de Vigo, abrangendo territorio das parroquias de Navia (lugar do Xuncal), Comesaña (lugar da Ponte), Alcabre (lugar do Barreiro) e da parroquia/barrio urbana de Coia, cunha superficie aproximada de 730.000 m² e perto de trinta bloques residenciais de diferentes alturas onde actualmente⁸¹ residen 9708 persoas.

O auxe demográfico experimentado por esta zona nos últimos anos fai deste punto, conformado pola Av. das Teixugueiras, a segunda vía máis poboada da cidade⁸², superando a arruamentos históricos como Torrecedeira (5598 hab), García Barbón (4933), Camelias (4664), Av de Castelao (4477), Sanjurjo Badía (4079), Urzáiz (3500), Aragón (3394), Ramón Nieto (3102), Gran Vía (2950) ou Rosalía de Castro (2387).

O Cadro nº18 mostra o excepcional aumento experimentado na poboación dos lugares onde se localiza o PAU consoante se foron finalizando as obras dos edificios, pasando a poboación de 500 residentes en 2007, 6348 en 2012 aos referidos 9708 en 2019.

Cadro nº18: Evolución da poboación dos lugares integrantes do PAU de Navia

| Lugar | Parroquia | 2000 | 2005 | 2010 | 2015 | 2019 | 2000-19 |
|----------|-----------|------|------|------|------|------|---------|
| Barreiro | Alcabre | 256 | 214 | 216 | 550 | 788 | +207,8 |
| A Ponte | Comesaña | 1090 | 1564 | 2808 | 4427 | 4714 | +332,5 |
| Xuncal | Navia | 177 | 198 | 1913 | 3730 | 4107 | +2220,3 |

Cabe referir que dito Plan Parcial ten capacidade para albergar preto de 20.000 habitantes (aproximadamente o 6,5% da poboación total de Vigo), estimándose que o número de residentes siga a incrementarse na secuencia do desenvolvemento dunha segunda fase noutra área do polígono, aínda sen aprobar definitivamente, na que está previsto albergar outros 5000 residentes.

A complexidade do ordenamento territorial do concello de Vigo e a inadecuación das divisións existentes evidénciase na adscrición, en termos de control estatístico, dun barrio de recente creación como o do PAU de Navia.

Este barrio estrutúrase na Rúa das Teixugueiras, a segunda vía máis poboada do concello de Vigo. Porén, este viario urbano está repartido entre catro parroquias (Navia, Comesaña, Coia e Alcabre) que pertencen a dous distritos distintos (Distritos 4 e 9):

- Os números 3, 5-10, 12 e 14 pertencen ao núcleo urbano de Vigo (Distrito 4, parroquia de Coia).
- Os números 1, 2, 4 e 6 pertencen ao lugar de Barreiro, parroquia de Alcabre (Distrito 9).
- Os números 11, 13, 15-18, 20, 22 e 24 pertencen ao lugar da Ponte, parroquia de Comesaña (Distrito 9).
- Os restantes números pertencen ao lugar de Xuncal, parroquia de Navia (Distrito 9).

A través dunha consulta realizada aos servizos estatísticos municipais sobre a poboación residente nos edificios de vivendas permite confirmar que, con efecto, a maioría da poboación deses lugares onde está localizado o PAU de Navia responden a esa nova urbanización da cidade viguesa:

⁸¹ Datos a 1/1/2019.

⁸² Despois da Travesía de Vigo (10.474 habitantes).

Cadro nº19: Distribución da poboación residente no PAU de Navia

| Lugar | Parroquia | 2019 | PAU | % PAU | % Resto do lugar |
|----------|-------------|------|------|-------|------------------|
| Barreiro | Alcabre | 788 | 685 | 86,9 | 13,1 |
| A Ponte | Comesaña | 4714 | 4521 | 95,9 | 4,1 |
| Xuncal | Navia | 4107 | 2817 | 68,6 | 31,4 |
| TOTAL | | 9609 | 8023 | 83,5 | 16,5 |
| Coia | Vigo Centro | | 1637 | | |

Con base nestes datos pódese concluír que a poboación residente no PAU de Navia está distribuída nas parroquias de Comesaña (46,8%), Navia (29,2%), Coia (16,9%) e Alcabre (7,1%). Alén diso, pódese tirar tamén a conclusión de que o crecemento demográfico experimentado polas parroquias de Comesaña, Navia e Alcabre está motivada polo desenvolvemento do PAU de Navia.

Esta fragmentación administrativa, unido á súa (aínda) non adscrición ou anexación ao distrito de Vigo Centro⁸³ impide ata o momento a correcta interpretación da demografía urbana do concello.

1.3 Evolución do territorio municipal de Vigo

Os confíns, parroquias integrantes e superficie actuais do concello de Vigo son os vixentes desde o ano 1941, altura en que se produciu a anexación do Concello de Lavadores.

O Concello de Lavadores fora creado en 1836 no cadro dun proxecto de racionalización e centralización político-administrativa dos concellos da provincia de Pontevedra. Coa súa creación, desaparecía o antigo Concello do (Val do) Fragoso, dividíndose as súas parroquias entre os Concellos de Vigo, Bouzas e o novo de Lavadores.

Na altura da súa constitución, o concello de Lavadores abranxía as parroquias de Candeán, Cabral, Lavadores, Bembrive, Beade, Valadares e Zamáns. O Concello de Bouzas estaba formado polas parroquias de Bouzas, Coia, Alcabre, Navia, Coruxo, Oia, Saiáns, Matamá e Comesaña. O Concello de Vigo comprendía as parroquias de Santa María de Vigo, Santiago de Vigo, Teis, San Xoán do Monte, Sampaio, Freixeiro, Sárdoma e Castrelos. Dez anos máis tarde a parroquia de Teis segrégase do concello de Vigo e incorpórase ao Concello de Lavadores.

Bouzas é unha das parroquias máis antigas e tamén máis grandes, sendo, baixo o nome de Vila de Bouzas, un concello independente entre 1555 e 1904⁸⁴. No momento da súa constitución no século XVI o concello de Bouzas agrupaba as parroquias civís de Bouzas, Bembrive, Beade, Coia e Coruxo.

Desde a Idade Media Vigo⁸⁵, vila formada polas parroquias de Santa María e Santiago, aínda que territorialmente inserida na Diocese de Tui, estaba sometida ao señorío eclesiástico da mitra compostelá⁸⁶. Noutras palabras, era o arcebispo compostelán o que exercía a xurisdición ordinaria co nomeamento de alcaldes (tamén chamados xuíces ordinarios) e autoridades de Vigo.

⁸³ Do punto de vista estatístico, tanto a nivel municipal como do IGE, as partes urbanas das parroquias de Teis e Lavadores, ben como a totalidade da parroquia de Coia foron adscritos ao núcleo de Vigo (denominado Vigo Centro). No caso da parroquia de Freixeiro mentres que o IGE a considera de forma separada, o Concello de Vigo asimilouna ao núcleo urbano de Vigo.

⁸⁴ Na altura da anexación a Vigo, a 30 e abril de 1904, o Concello de Bouzas contaba con 1500 habitantes.

⁸⁵ En 1371 o rei Enrique II de Castela e León doa ao bispo de Tui o couto de Coia coa súa balía que pertencera aos Templarios desde 1232. Porén, en 1475 Vigo aparece facendo parte do señorío da Arquidiocese de Santiago. Así sendo, ese ano o arcebispo Fonseca de Santiago reclama as prazas de Vigo e Redondela que D. Pedro Álvarez de Soutomaior (Pedro Madruga) usurpara á mitra compostelá durante a guerra de sucesión á Coroa de Castela (até 1477. En 1696 un dos alcaldes de Vigo era membro do Tribunal da Inquisición, sediada na Rúa Cruz Verde.

⁸⁶ Ao igual que boa parte do actual concello de Redondela, entón coñecida como Redondela Nova, un señorío eclesiástico e xurisdición ordinaria polo arcebispo de Santiago integrado polas parroquias de Borbén, Cabeiro, Cepeda, Cesantes, Moscoso, Negros, Nespereira, Quintela, Reboreda, Redondela (Santiago), Vilar de Infesta, O Viso e Xunqueiras.

No século XVIII a Vila de Vigo abranxía unha superficie de 0,75 km² dependente do señorío eclesiástico da Arquidiocese de Santiago, cuxa xurisdición ordinaria correspondía ao “Reverendo Arcebispo de Santiago”.

Outra entidade existente na actual área de Vigo era o Concello de Val do Fragoso, o cal, formado polas parroquias de Alcabre, Cabral, Candeán, Castrelos, Chapela, Comesaña, Freixeiro, Lavadores, Matamá, Oia, Sárdoma, Teis e Trasmañó, tiña unha superficie de 67,12 km². A diferenza da Vila de Vigo, o Concello do Val do Fragoso era un señorío secular, cuxa xurisdición ordinaria era realizada polo seu Concello de veciños.

A Vila de Bouzas tamén dependía do señorío eclesiástico, sendo o “Reverendo Bispo e Cabido” de Tui os que exercían a xurisdición ordinaria sobre unha extensión de 24,5 km² formados polas parroquias de Beade, Bembrive, Bouzas, Coia e Coruxo. Zamáns, ao igual que Bouzas, era tamén un señorío eclesiástico cuxa xurisdición ordinaria era exercida pola diocese de Tui nun área de 7 km².

Finalmente, a parroquia de Valadares era un señorío secular cuxa xurisdición ordinaria era exercida polo Marqués de Valadares sobre un territorio de 12,92 km².

Figura nº13: Mapa das xurisdicións existentes na actual área municipal de Vigo no século XVIII (fonte: Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII, Francisco X. Río, Consello da Cultura Galega)



A partir da invasión napoleónica, e da conseqüente abolición progresiva do rexime señorial, a elección dos diferentes rexedores írase facendo por sufraxio ou por designación real dependendo de cada período. Así sendo, en 1809, logo da expulsión dos franceses, acontecemento histórico coñecido como “Reconquista de Vigo”, grande parte da actual superficie municipal de Vigo estaba integrada no Concello do Val do Fragoso⁸⁷. O territorio municipal de Bouzas abranxía as parroquias de Bouzas e Coia mentres que o Concello de Vigo estaba constituído unicamente pola parroquia de Santa María de Vigo.

⁸⁷⁾ Municipio formado polas parroquias de Teis, San Xoán do Monte, Sampaio, Candeán, Cabral, Lavadores, Santiago de Vigo, Freixeiro, Sárdoma, Castrelos, Alcabre, Navia, Coruxo, Oia, Saiáns, Valadares, Zamáns, Bembrive, Beade, Matamá, Comesaña, ben como as parroquias de Chapela e Trasmañó (actual Concello de Redondela).

Entre 1812-14 a partir do Concello do Val do Fragoso houbo os efémeros concellos de Teis, Cabral e Lavadores formados polas parroquias homónimas. En 1813 a Vila de Vigo independízase do señorío eclesiástico do Arcebispado de Santiago de Compostela, o que significa que arcebispos composteláns deixan de nomear os Xuíces Ordinarios (alcaldes) nen os Rexedores (concelleiros). Nesa altura o escudo da vila, até entón consistente nun castelo cunha cunha de vieira (símbolo da dependencia da igrexa de Santiago) é trocada por uns ramos de oliveira.

Durante o trienio liberal (1820-23) Vigo é capital dunha provincia homónima. Nese período tamén existiron, a partir dunha secesión do Concello do Val do Fragoso, os concellos de Teis (agrupando a parroquia homónima e Candeán), de Cabral e de Lavadores.

En 1836, coas desamortizacións de Mendizábal, a Illa de Toralla, até entón propiedade do Mosteiro de Celanova, é adquirida polo marqués de Valadares. En 1862 a parroquia de Castrelos deixa de pertencer á Orde dos Cabaleiros de San Xoán de Malta.

Entre 1868-69, na secuencia dun período revolucionario a nivel estatal, a Xunta de Goberno instalada en Vigo anexionase os concellos de Bouzas e Lavadores, configurándose o Concello de Vigo coas parroquias integrantes e extensión actuais. Esa experiencia dura apenas un ano, reverténdose á situación anterior. En 1890 reúnen os representantes dos concellos de Vigo, Bouzas e Lavadores para establecer os límites entre os tres concellos.

1.4 A organización administrativa do concello de Vigo

A división interna do concello de Vigo, como a dos concellos galegos, é complexa, pois, como se referiu no apartado anterior, está dividido en parroquias e, estas, pola súa vez, en lugares e aldeas. Alén diso, dada a súa abranxencia social e territorial, as parroquias do Concello de Vigo conservan aínda a súa identidade e contan cun tecido social consolidado.

Reflexar esa pluralidade municipal formada por 17 parroquias administrativas/cívís, unha Entidade Local Menor e as entidades singulares de poboación de Vigo e Cíes (non incluídas en ningunha parroquia) esixe o parcelamento do territorio en unidades submunicipais.

Un dos ámbitos nos que maiores efectos produciu a organización democrática representada pola Constitución española é o relativo á Administración Local e a súa necesidade de adaptación á nova realidade, sendo na actualidade innúmeras as teorías para definir o alcance da autonomía que se recoñece a estas entidades. A autonomía local constitúe un dos principios reitores da regulación de cada entidade e o criterio para evitar contradición con outras instancias radica na determinación dos seus intereses respectivos.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), como norma que desenvolve a garantía constitucional da autonomía local, define o municipio como a entidade básica da organización territorial do Estado e canal inmediato de participación cidadá nos asuntos públicos, asegurándolle o dereito a intervir nas materias que afecten directamente aos seus intereses de acordo cos principios da descentralización da xestión e máxima proximidade da xestión administrativa á cidadanía, dotando ademais ás entidades locais dunha serie de potestades para a consecución dos seus fins. A LRBRL define como elementos do municipio o territorio, a poboación e a organización, polo que o recoñecemento da plena capacidade para o cumprimento dos seus fins está referida a estes elementos, configurándose portanto o municipio como a organización xurídica do núcleo urbano e da súa entorna xeográfica.

O Regulamento de Poboación de Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1960/1986, de 11 de Xullo, establece no seu artigo primeiro que é competencia do Concello a división do termo

municipal en distritos e en barrios e as variacións dos mesmos. Esta competencia téñena os Concellos de acordo coa potestade de autoorganización que o art. 4.1.a) da LRBRL confire aos Municipios.

A Lei de Grandes Cidades ou Lei de Medidas para a Modernización do Goberno Local⁸⁸ introduciu unha serie de reformas no dereito local vixente contido na Lei 7/1985, LRBRL. Esta norma consiste na modernización da xestión do concello para así desenvolver e impulsar a participación dos cidadáns na xestión dos asuntos locais. Unha destas medidas é a división do municipio en distritos e a determinación e regulación dos órganos destes.

Os distritos constitúen un instrumento necesario para crear políticas de proximidade e participación en municipios con alta densidade de poboación. Descentrando funcións desde a participación cidadá e debendo, alén diso, establecer unha porcentaxe mínima dos seus recursos para xestionarse por distritos por parte do concello de cada localidade que poña en marcha esta lei

Os concellos teñen que establecer e poñer en marcha normas de carácter orgánico e órganos adaptados para unha efectiva participación dos veciños na vida pública do municipio.

A división en distritos, xunto coa determinación, regulación dos órganos destes e as competencias que posúan, non terán prexuízo sobre as atribucións do alcalde. Igualmente, a presidencia de distrito corresponderá, en todo caso, a un dos concelleiros.

En concreto, o Art. 128 sobre Distritos desa Lei dispón o seguinte:

“1. Os concellos deberán crear distritos, como divisións territoriais propias, dotadas de órganos de xestión desconcentrada, para impulsar e desenvolver a participación cidadá na xestión dos asuntos municipais e a súa mellora, sen prexuízo da unidade de goberno e xestión do municipio.

2. Corresponde ao Pleno da Corporación a creación dos distritos e a súa regulamentación, nos termos e co alcance previsto no art. 123, así como determinar, nunha norma de carácter orgánico, a porcentaxe mínima de recursos orzamentarios da corporación que deberán xestionarse polos distritos, no seu conxunto.

3. A presidencia do distrito corresponderá en todo caso a un concelleiro.”

Pola súa parte, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia, establece a posibilidade para o Concello de descentralizar no seu favor todas aquelas atribucións que permitan unha achegamento da Administración aos cidadáns e a convivencia da participación destes nas decisións que directamente lles afectan. Relativamente á descentralización funcional, a Lei introduce unha regulamentación aberta e flexíbel das Entidades Locais Menores que posibilite a súa creación, sempre que acreditar a posesión de recursos suficientes e a súa constitución non supoña unha notábel diminución da capacidade económica do municipio.

Ao abeiro desta lexislación, o Concello de Vigo implementou as Oficinas Municipais de Distritos (OMD), integradas nos Centros Municipais, co obxectivo de organizar e dinamizar a actividade nos mesmos. Constitúen a conexión entre os departamentos do Concello e os colectivos sociais, as entidades persoais e as administracións públicas, un dispositivo de acción, de relación directa coa cidadanía.

Na actualidade existen cinco Oficinas Municipais de Distritos, localizadas nos Centros Municipais do Casco Vello, Coruxo, Teis, Saiáns e Bouzas. Entre as intervencións máis comúns nas OMD destacan:

⁸⁸ Lei 57/2003, de 16 de decembro (vixente desde o 1/1/2004).

- Entrega de volantes e consulta do padrón municipal de habitantes.
- Información sobre actividades culturais e lúdicas, de cursos organizados polo concello e polas outras OMD.
- Colaboración co servizo 010 para a axilización e procura de información telefónica e da organización municipal.
- Exposición en mostrador de folletos variados para repartir á cidadanía (turísticos, transporte, educación, cultura, lecer e entretemento...)
- Información sobre tarifas e horarios de museos municipais, solicitudes para o Auditorio, entradas a concertos de Castrelos, etc. (Marco, Verbum, Liste, Quiñones de León...)
- Divulgación e publicidade de actos e actividades que se fan na parroquia na que se encontra.
- Información de teléfonos de interese: recollida de mobles e electrodomésticos vellos, recollida de animais mortos ou abandonados, queima de restrollos, horario de apertura do servizo 010 e do rexistro municipal, depósito do guindastre, oficina de obxectos perdidos, etc.
- Colocación no taboleiro de anuncios de calquera información de interese ás veciñas e veciños, como poden ser os boletíns das ofertas de emprego público do concello, ou o prazo de cobro de impostos municipais.
- Utilización e divulgación, potenciación, coñecemento e uso das páxinas web do Concello www.vigo.org, e de Participación Cidadá: <http://asociacions.vigo.org>
- Información sobre emprego. procura en internet de ofertas de emprego público, orientación sobre as ETT, confección dun currículo, e derivación, mediante cita previa, ao servizo de emprego da 4º andar do Concello.
- Envío por fax de denuncias para a OMIC e outros servizos municipais.
- Entrega e información dos impresos de uso máis común no Concello.

1.4.1 Distritos Censuais/Estatísticos

O Concello de Vigo está actualmente dividido en nove distritos. Esta división constitúe unha partición da cidade utilizada mormente a efectos electorais e estatísticos.

Os criterios desta formación veñen marcados pola Lei Orgánica 5/1985 sobre Réxime Electoral Xeral⁸⁹⁾, cuxo artigo 23.2 determina a forma de distribuír os electores dun municipio por seccións censuais. Este número de electores pode variar entre 500 e 2000 por cada sección electoral. Isto fai que estas seccións sexan variábeis no tempo de acordo cos cambios que se van producindo na distribución da poboación ao longo do territorio. Da agrupación destas seccións, surxiron os Distritos Censuais, mais a diferenza dos primeiros, estes mantéñense estábeis no tempo, o que permite formar series de información referidas a un mesmo espazo territorial.

Igualmente, a Lei de Base de Réxime Local establecía o número de tenencias de alcaldía en función do número de distritos censuais, polo que até agora a división en distritos era utilizada como referencia para o establecemento de áreas de delegación política. Actualmente non é referente o número de distritos para o número de tenencias de alcaldía, polo que o distrito é usado unicamente como división electoral/censual.

Os servizos estatísticos municipais e institutos de estatística (nomeadamente INE, IGE e Eurostat) periodicamente publican os resultados do movemento natural da poboación. Para o caso de cidades da dimensión de Vigo, a información, en vez de ser ofrecida a nivel municipal, é ofrecida referida a unidades territoriais máis pequenas. Destarte, a información (sucesos demográficos, económicos...) é presentada agregadamente por Distritos Censuais para permitir unha observación máis detallada e ligada á morada de residencia dos suxeitos obxectos do estudo.


A partir da configuración social e histórica en barrios e parroquias, o territorio municipal de Vigo foi dividido en nove distritos. O Cadro nº20 mostra as unidades (fundamentalmente barrios e parroquias) que comprenden os distritos de Vigo. A Figura nº14 mostra o mapa dos límites dos distritos de Vigo.

⁸⁹⁾ BOE 20/6/1985.

Cadro nº20: Distribución do concello de Vigo por distritos, barrios e parroquias

| Distrito | Barrios/parroquias |
|----------|---|
| 1 | Barrio do Cura, Berbés, García Olloqui, Areal, García Barbón, Estación, Santiago de Vigo, Centro, Ferraría e Rosalía de Castro. |
| 2 | María Berdiales, O Castro, Areosa, Casablanca, Ribadavia, Fdo. El Católico, Fátima, Pr. España, A Rola e San Roque |
| 3 | Beiramar, Picacho, Peniche, Pr. Industria, Seara, Camelias, Hispanidade, Regueiro, Pr. Independencia, Travesas, Povisa e Barcelona |
| 4 | Bouzas, Coia, Balaidos e Espedrigada |
| 5 | Salgueira Freixeiro: Mantelas Castrelos Sárdoma |
| 6 | Teis: Centro, Vista Alegre, Guixar, Coutadas, Frián, Rorís, Parachán, Montecelo e Tr. de Vigo |
| 7 | Tr. De Vigo, Calvario, S. Xoán Poulo, Sampaio, Lavadores: Pardavila, Bagunda, Cordoeira, Gandariña, Gandarón, Naia, Sabaxáns, Bouciña, Barreiro, Candeán: Fonte Escura, Parachán, Monte Pequén, Rabadeira, Igrexa, Ermide, Goleta, Cabral: Carballal, Peinador, Caeiro, Feira, Sello, Penís, Fontiñas e Becerreira |
| 8 | Zona Franca Matamá Beadé Bembrive Valadares Zamáns |
| 9 | Alcabre Navia Comesaña Coruxo Oia Saiáns |

Figura nº14: Mapa dos distritos de Vigo (fonte: Concello de Vigo)



A partir desta definición dos distritos municipais, nos seus diferentes estudos sobre sustentabilidade local, a Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo realizou unha agrupación dos mesmos en tres zonas (urbana, semiurbana e rural) en función das súas particularidades demográficas, socioeconómicas e culturais.

Cadro nº21: Distribución dos distritos por zonas

| Zona | Distritos |
|------------|----------------|
| Urbana | 1, 2, 3, 4 e 5 |
| Semiurbana | 6 e 7 |
| Rural | 8 e 9 |

1.4.2 Áreas submunicipais Urban Audit


Dado que dentro das cidades danse tamén importantes desigualdades, o proxecto europeo Urban Audit contempla desde os seus inicios a necesidade de proporcionar datos para niveis inferiores ao da cidade no seu conxunto. Este nivel, chamado "Sub-City District" (SCD), corresponde a unha subdivisión da cidade en zonas que, en moitos casos, coincide coa división existente en distritos administrativos ou barrios.

O concello de Vigo foi dividido en 12 áreas submunicipais (distritos), co alcance e nomenclátor aparece recollido Cadro nº22 e cos límites definidos na Figura nº15.

Cadro nº22: Áreas submunicipais Urban Audit do concello de Vigo

| Distrito | Alcance/Nomenclátor |
|----------|---------------------------------------|
| 1 | Distrito Vigo Centro 1 |
| 2 | Distrito Vigo Centro 2 |
| 3 | Distrito Vigo Centro 3 |
| 4 | Distrito Vigo Centro 4 |
| 4.1 | Distrito 4 (zona Balaídos) |
| 4.2 | Distrito 4 (zona Coia) |
| 5 | Distrito 5 (zona Freixeiro-Castrelos) |
| 6 | Distrito 6 (zona Teis) |
| 7.1 | Distrito 7 (zona Calvario) |
| 7.2 | Distrito 7 (zona Lavadores) |
| 8 | Distrito 8 (Beade-Bembrive) |
| 9 | Distrito 9 (Oia-Coruxo) |

Figura nº15: Mapa da distribución xeográfica dos distritos de Vigo elaborado pola Urban Audit



2. Indicadores Urbanos submunicipais de Vigo

Este apartado mostra os resultados globais e a evolución temporal dos Indicadores Urbanos submunicipais de Vigo

2.1 Resultados globais

Últimos resultados globais dispoñibles dos Indicadores Urbanos submunicipais de Vigo.

2.1.1 Demografía

| Indicador | Total | 1 | 2 | 3 | 4 | 4.1 | 4.2 | 5 | 6 | 7.1 | 7.2 | 8 | 9 |
|--|--------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Poboación residente | 295364 | 21132 | 33682 | 30424 | 12212 | 17805 | 32177 | 15946 | 27386 | 29072 | 28742 | 19577 | 27209 |
| Proporción de poboación de 0-14 anos | 12,82 | 12,66 | 11,43 | 12,05 | 12,64 | 11,90 | 13,13 | 13,73 | 11,76 | 12,08 | 13,36 | 11,93 | 17,28 |
| Proporción de poboación de 15-64 anos | 64,81 | 66,29 | 64,19 | 64,02 | 65,30 | 65,75 | 63,16 | 64,95 | 65,29 | 65,51 | 65,09 | 63,91 | 65,52 |
| Proporción de poboación ≥65 anos | 22,36 | 21,05 | 24,39 | 23,94 | 22,05 | 22,36 | 23,71 | 21,32 | 22,95 | 22,41 | 21,55 | 24,16 | 17,21 |
| Proporción de nacionais sobre a poboación total | 95,12 | 93,19 | 91,30 | 94,33 | 93,63 | 95,87 | 96,87 | 96,09 | 94,33 | 93,45 | 97,12 | 98,36 | 97,91 |
| Proporción de nativos nacionais sobre a poboación total | 88,87 | 86,16 | 83,26 | 86,81 | 85,64 | 88,70 | 91,32 | 90,24 | 88,18 | 85,70 | 92,54 | 95,86 | 93,27 |
| Proporción de nados no estranxeiro sobre a poboación total | 11,13 | 13,84 | 16,74 | 13,19 | 14,36 | 11,30 | 8,68 | 9,76 | 11,82 | 14,30 | 7,46 | 4,14 | 6,73 |
| Proporción de estranxeiros sobre a poboación total | 4,88 | 6,81 | 8,70 | 5,67 | 6,37 | 4,13 | 3,13 | 3,91 | 5,67 | 6,55 | 2,88 | 1,64 | 2,09 |

2.1.2 Aspectos económicos

| Indicador | Total | 1 | 2 | 3 | 4 | 4.1 | 4.2 | 5 | 6 | 7.1 | 7.2 | 8 | 9 |
|---|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Renda neta media anual dos fogares ⁹⁰ | 31827,32 | 32472,27 | 32982,72 | 36124,82 | 29348,95 | 30799,84 | 31554,07 | 28516,21 | 26987,00 | 29540,5 | 34429,45 | 36180,28 | 36962,12 |
| Renda neta media anual por habitante ⁹¹ | 12082,99 | 13273,45 | 13068,00 | 13709,59 | 11491,01 | 11794,31 | 11676,21 | 10934,83 | 10584,68 | 10434,30 | 10557,23 | 12598,26 | 15708,54 |
| Renda neta media anual por unidade de consumo ⁹² | 18158,88 | 19436,23 | 19346,94 | 20606,05 | 17069,07 | 17701,09 | 17720,09 | 16336,35 | 15722,78 | 16018,58 | 16747,53 | 19659,24 | 22824,52 |

2.1.3 Superficie e uso do solo

| Indicador | Total | 1 | 2 | 3 | 4 | 4.1 | 4.2 | 5 | 6 | 7.1 | 7.2 | 8 | 9 |
|---|--------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Superficie total | 104,99 | 1,37 | 1,71 | 1,32 | 0,38 | 0,78 | 2,74 | 5,65 | 5,51 | 2,77 | 20,19 | 39,43 | 23,14 |
| Tecido urbano residencial continuo ⁹³ | 13,72 | 58,2 | 51,09 | 53,53 | 62,30 | 60,49 | 41,21 | 11,32 | 29,60 | 57,68 | 10,72 | 7,74 | 5,08 |
| Tecido urbano residencial descontinuo ⁹⁴ | 13,62 | 3,01 | 21,40 | 16,92 | 3,28 | 18,87 | 24,62 | 27,90 | 11,49 | 8,51 | 12,34 | 7,55 | 21,30 |
| Unidades industriais, comerciais, públicas, militares e privadas ⁹⁵ | 6,82 | 4,28 | 10,25 | 14,24 | 26,22 | | 4,53 | 9,91 | 9,15 | 3,97 | 8,25 | 6,66 | 4,52 |
| Infraestruturas de transporte ⁹⁶ | 5,23 | 29,21 | 2,06 | 9,57 | 2,68 | 2,08 | 17,88 | 3,02 | 13,62 | 3,41 | 5,04 | 4,12 | 3,30 |
| Outras zonas artificiais ⁹⁷ | 0,89 | | 0,03 | 0 | 5,09 | | 2,52 | 0,68 | 1,24 | 0,98 | 0,5 | 0,54 | 1,72 |
| Zonas verdes urbanas, instalacións deportivas e de lecer ⁹⁸ | 2,07 | 5,30 | 13,95 | 2,60 | | 9,92 | 5,31 | 5,43 | 3,60 | 0,60 | 2,30 | 0,54 | 1,74 |
| Zonas agrícolas ⁹⁹ | 15,57 | | 0,72 | 0,82 | 0,09 | 2,26 | 0,38 | 16,02 | 5,32 | 4,20 | 22,97 | 18,94 | 12,37 |
| Zonas naturais ¹⁰⁰ | 42,03 | | 0,50 | 2,30 | 0,33 | 6,38 | 3,54 | 25,72 | 25,97 | 20,64 | 37,89 | 53,90 | 49,96 |
| Relación de zona verdes, deportivas e de lecer sobre zonas urbanas residenciais continuas e descontinuas ¹⁰¹ | 0,08 | 0,09 | 0,19 | 0,04 | 0,00 | 0,12 | 0,08 | 0,14 | 0,09 | 0,01 | 0,10 | 0,04 | 0,07 |

⁹⁰⁾ Ano 2017.

⁹¹⁾ Ano 2017.

⁹²⁾ Ano 2017.

⁹³⁾ Ano 2017.

⁹⁴⁾ Ano 2017.

⁹⁵⁾ Ano 2017.

⁹⁶⁾ Ano 2017.

⁹⁷⁾ Ano 2017.

⁹⁸⁾ Ano 2017.

⁹⁹⁾ Ano 2017.

¹⁰⁰⁾ Ano 2017.

¹⁰¹⁾ Ano 2018.

2.1.4 Comparativa entre os Indicadores Urbanos submunicipais e municipais de Vigo

2.1.4.1 Demografía

Os catro distritos definidos pola Urban Audit como Vigo Centro¹⁰², con 97450 habitantes, concentran o 33,0% da poboación municipal.

Os distritos con máis poboación son distritos Vigo Centro 2 (33682 habitantes), 4.2 (32177 hab), Vigo Centro 3 (30424 hab) e 7.1 (29072 hab). Polo contrario, os distritos menos poboados son o 4 (12212 habitantes), 5 (15946 hab), 4.1 (17805 hab) e 8 (19577 hab).

En relación á proporción de poboación de idade igual ou menor de 14 anos (12,82% municipal), os distritos con poboación máis nova son o 9 (17,28%), seguido, a máis distancia, polos distritos 7.2 (13,36%) e 5 (13,73%) contra os mínimos do 2 (11,43%), 6 (11,76%) e 4.1 (11,90%).

O concello de Vigo presentou na última edición dos Indicadores Urbanos unha proporción de persoas con 65 ou máis anos do 22,36%. Este valor é superado nos distritos Vigo Centro 2 (24,39%), 8 (24,16%) e Vigo Centro 3 (23,94%). A porcentaxe máis baixa rexistrouse no distrito 9 (17,21%), seguido, a máis distancia polos distritos Vigo Centro 1 (21,05%) e 5 (21,32%).

A proporción de nacionais sobre a poboación total municipal é do 95,12%, valor que é superado nos distritos 8 (98,36%), 9 (97,91%) e 7.2 (97,12%). Estes mesmos distritos superan a proporción municipal (88,87%) de nativos nacionais sobre a poboación total, con porcentaxes do 95,86%, 93,27% e 92,54%, respectivamente.

Polo contrario, a menor taxa de nacionais sobre a poboación total deuse nos distritos Vigo Centro 2 (91,30%) e 1 (93,19%), ben como o Distrito 7.1 (93,45%). Os distritos Vigo Centro 2 (83,26%) e 7.1 (85,70%), xunto co distrito Vigo Centro 4 (85,64%) presentan a proporción máis elevada de nativos nacionais sobre a poboación total.

A proporción municipal de estranxeiros sobre a poboación total (4,88%) vese superada nos distritos Vigo Centro 2 (8,70%) e 1 (8,91%), ben como no 7.1 (6,55%) contra os mínimos dos distritos 8 (1,64%), 9 (2,09%) e 7.2 (2,88%), os cales presentan a menor proporción de nados no estranxeiro sobre a poboación total: distrito 9 (6,73%), 8 (4,14%) e 7.2 (7,46%). No tocante a este último indicador, os distritos Vigo Centro 2 (16,74%) e 7.1 (14,30%), ben como o Vigo Centro 4 (14,36%) superan o valor municipal do 11,13%.

2.1.4.2 Aspectos económicos

A renda neta media anual municipal dos fogares de Vigo (31827,32€) é superada pola existente nos distritos 9 (36962,12€), 8 (36180,28€) e de Vigo Centro 3 (36124,82€). Polo contrario, as rendas anuais dos fogares máis baixas do concello de Vigo localízanse nos distritos 6 (26987,00€), 5 (28516,20€) e Vigo Centro 4 (29349,00€). Desta maneira a renda media anual municipal dos fogares vigueses é superada por 5134,80€ no distrito co rexistro máis alto (Distrito 9), sendo superior en 4840,32€ á renda máis baixa (Distrito 6). A diferenza entre os niveis máximo e mínimo nos niveis de renda interdistrital é de 9975,10€ (o 31,3% do valor da renda media municipal).

A renda neta media anual municipal por habitante (estimada en 12082,99€) é máis alta no Distrito 9 (15708,50€), Vigo Centro 3 (13709,60€) e 1 (13273,50€) contra os mínimos de 10434,30€ no Distrito 7.1, 10557,20€ no 7.2 e 10584,70€ no Distrito 6. Desta maneira a diferenza entre o valor máximo (Distrito 9) e mínimo (Distrito 7.1) da renda neta media anual por habitante interdistrital ascende a 5274,20€ (o 43,6% da renda municipal).


¹⁰²⁾ Vigo Centro 1, 2, 3 e 4.

A renda neta media anual por unidade de consumo municipal de Vigo ascende a 18158,88€, importe que é superado nos distritos 9 (22824,50€), Vigo Centro 3 (20606,10€) e 8 (19659,20€) contra os mínimos localizados nos distritos 6 (15722,80€), 7.1 (16018,60€) e 5 (16336,40€). A diferenza entre as rendas máxima e mínima (7101,71€) representa o 39,1% da renda neta media anual.

2.1.4.3 Superficie e uso do solo

Os catro distritos que conforman Vigo Centro representan o 4,6% da superficie municipal. Considerando o núcleo urbano integrado tamén polos distritos 4.1, 4.2 e 7.1, a malla urbana alcanza, como máximo, o 10,5% da superficie.

Figura nº16: Distribución da superficie de Vigo nas diferentes áreas submunicipais



O concello de Vigo presenta unha densidade poboacional de 2813,26 hab/km². Porén, este valor non é homoxéneo en todo o seu territorio. Así pois, dependendo do distrito, tal como mostra o Cadro nº23, existe unha distribución de densidades de poboación desigual.

Cadro nº23: Distribución de densidade de poboación nas áreas submunicipais

| Densidade máxima | | Densidade mínima | |
|------------------|-----------|------------------|-----------|
| Distrito | Densidade | Distrito | Densidade |
| D4 | 32136,8 | D8 | 496,5 |
| D3 | 23048,5 | D9 | 1175,84 |
| D4.1 | 22826,9 | D7.2 | 1423,58 |
| D2 | 19697,1 | D5 | 2822,3 |

A densidade do distrito máis densamente poboado (Distrito Vigo Centro 4) é 64,73 veces superior ao de menor densidade (Distrito 8). O Distrito Vigo Centro 1, cunha densidade de 15424,8 hab/km², presenta o rexistro máis baixo do núcleo urbano municipal.

O tecido urbano residencial continuo, estendido ao 13,72% da superficie municipal, ocupa a maioría do territorio dos distritos de Vigo Centro (62,3% no Distrito 4, 58,2% no Distrito 1, 53,53% no Distrito 3 e 51,09% do Distrito 2), ben como o 60,49% do Distrito 4.1 e 57,68% do Distrito 7.1. Esta tipoloxía de tecido urbano residencial está menos estendida nos distritos 9 (5,08%), 8 (7,74%) e 7.2 (10,72%).

O tecido urbano residencial discontinuo, que abranxe o 13,62% da superficie municipal, presenta a proporción máis alta nos distritos 5 (27,9%), 4.2 (24,62%), Vigo Centro 2 (21,40%) e 9 (21,3%) contra os mínimos localizados nos distritos de Vigo Centro 1 (3,01%) e 4 (3,28%), ben como no Distrito 8 (7,55%) e 7.1 (8,51%).

O uso do solo municipal destinado a unidades industriais, comerciais, públicas, militares e privadas é do 6,82%, con valores máximos nos distritos de Vigo Centro 4 (26,22%), 3 (14,24%) e 2 (10,25%), contra os mínimos dos distritos 7.1 (3,97%), Vigo Centro 1 (4,28%) e 9 (4,52%).

As infraestruturas de transporte cobren o 5,23% da superficie municipal viguesa, oscilando entre o máximo do Distrito Vigo Centro 1 (29,21%), 4.2 (17,88%) e 6 (13,62%) e mínimo localizado nos distritos céntricos 2 (2,06%), 4.2 (2,08%) e 4 (2,68%).

A superficie urbana municipal destinada a zonas verdes, instalacións deportivas e de lecer alcanza o 2,07%, con máximos no Distrito Vigo Centro 2 (13,95%), 4.1 (9,92%) e 5 (5,43%) contra os mínimos de 0,54% no Distrito 8, 0,6% no Distrito 7.1 e 1,74% no Distrito 9.

As zonas de uso agrícola, que abranxen o 15,57% da superficie municipal, son significativas nos distritos 7.2 (22,97%), 8 (18,94%) e 5 (16,02%) contra os mínimos dos distritos de Vigo Centro 4 (0,09%), 2 (0,72%) e 3 (0,82%).

As zonas naturais (42,03% da superficie municipal) representan a maioría da superficie do Distrito 8 (53,9%), ben como parte significativa nos distritos 9 (49,96%), 7.2 (37,89%), 6 (25,97%) e 5 (25,72%) contra o mínimo nos distritos Vigo Centro 4 (0,33%), 2 (0,50%) e 3 (2,3%).

A relación municipal entre zonas verdes, deportivas e de lecer sobre zonas urbanas residenciais continuas e discontinuas (0,08) é superior nos distritos Vigo Centro 2 (0,19), 5 (0,14) e 4.1 (0,12) contra os mínimos de 0 no Distrito 4, 0,01 no Distrito 7.1 e 0,04 nos distritos Vigo Centro 3 e 8.

2.2 Evolución temporal

Este apartado mostra a evolución temporal, no período 2017-19, dos Indicadores Urbanos dos distritos Urban Audit do concello de Vigo.

2.2.1 Indicadores Urbanos submunicipais de Vigo

Distrito Vigo Centro 1

Demografía

| Indicador | 2017 | 2018 | 2019 |
|--|-------|-------|-------|
| Poboación residente | 20691 | 20855 | 21132 |
| Proporción de poboación de 0-14 anos | 13,19 | 12,97 | 12,66 |
| Proporción de poboación de 15-64 anos | 66,38 | 66,29 | 66,29 |
